CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 23 DE DECEMBRO DE 2025

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e tres de decembro de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.ª MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.ª MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.ª MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.ª MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D.ª PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.ª MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.ª PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.ª ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.ª MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.ª NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.ª MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora interina, D.ª Laura García Santiago, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.ª Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 23 de decembro de 2025, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico http://plenos.cambre.es (ID: Video_20251223100041000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2025

***Acceso á videoacta* – 00:00:39 horas**

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2025, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2025, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2025.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚM. 2023/C004/000003 DO "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)"

***Acceso á videoacta* – 00:00:52 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 17 de decembro de 2025 (CVD: nxT7YCCq/ttHnn1pm1rW), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión ordinaria de data 18 de decembro de 2025, que transcrita di:

«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA O PLENO MUNICIPAL

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato para o "**Servicio de ayuda a domicilio del Ayuntamiento de Cambre**" (Expte. TEDEC: 2023/C004/000003).

Vista a acta do Comité de Expertos de data 3 de xuño de 2025 (CVD: 33yC1ajUsBbUO+lRCV8f).

Vistas as actas da Mesa de Contratación de datas 24 de marzo de 2025 (CVD: M/0s8FodS3jDXDfcKSGO), 5 de xuño de 2025 (CVD:mHoEW3RCYDGR6RwtBpxC), 13 de xuño de 2025 (CVD: faCcpgu0v13ijbLxHG2t), 11 de setembro

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

de 2025 (CVD: nkYvEI2xkivRDtNdHEYF), 25 de novembro 2025 (CVD: 34G2s7X4yBH6w4+DfmFw) e 2 de decembro de 2025 (CVD: 7yYSlVVj4VlJvQgZ+6ou).

Visto o informe emitido pola técnica de xestión da Administración Xeral interina, co conforme da secretaria xeral, de data 12 de decembro de 2025 (CVD: +xRlUzyDRAAe0UieD/Yf) no que se informa desfavorablemente a adxudicación do contrato e que transcrito di:

"INFORME DE SECRETARÍA

Asto: Adxudicación do contrato " Servicio de ayuda a domicilio del Ayuntamiento de Cambre"

Expte TEDEC: 2023/C004/000003

As funcionarias que subscriben, en relación ao asunto de referencia emiten o seguinte **INFORME:**

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que se dispuxo para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo, a ausencia dunha técnica de xestión de Administración xeral , a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente informe emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que, de ser necesario, poderá ampliarse.

I. ANTECEDENTES

Os que figuran no expediente TEDeC 2023/C004/000003

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- En data 20 de decembro de 2024 pola secretaria xeral do Concello emitiuse informe (CVD: FeD8lWEDl+Wd6z+RveiT) no que en atención ás consideracións feitas no mesmo informouse desfavorablemente o prego de cláusulas administrativas particulares co CVD: /MalgMLbqrWelCNN2FxV e o expediente de contratación nos extremos citados no mesmo. No dito informe sinalouse, entre outras cousas, o seguinte:

> *"(…./….)**Terceira.- Importe e duración do contrato.***
>
> *Respecto do prazo de duración do contrato e de execución da prestación, a cláusula 5 do PCAP fixa o prazo de duración do contrato en 2 anos, especificando que poderá prorrogarse por dous anos máis en prórrogas sucesivas de 1 ano cada unha, sen que a súa duración total incluídas as posibles prórrogas poida exceder de 4 anos (2+1+1).*
>
> *Polo que respecta ao presuposto base de licitación, a cláusula 6.1 do PCAP o fixa para os dous anos na cantidade de 3.901.501,34 €, IVE incluido. O prezo custo/hora servizo sen IVE se fixa en 26,03 €.*
>
> *Consta no expediente un documento que leva por título " Estudio económico para la contratación del servicio de ayuda en el hogar del Ayuntamiento de Cambre", asinado pola coordinadora de servizos sociais en data 25 de outubro de 2024 . No dito documento, na parte final se indica que " **Las cifras manejadas en esta memoria son meramente indicativas y en ningún caso excluye que sean y deban ser comprobadas por el departamento competente en materia económica**."*
>
> *O artigo 100 da LCSP establece a obriga de que o prezo dos contratos sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado.*
>
> *Por outra banda, o artigo 73 do RXLCAP , que regula as actuacións administrativas preparatorias do contrato dispón no seu parágrafo segundo que: " 2. Se unirá **informe razonado del servicio** que promueva la contratación, exponiendo la necesidad, características **e importe calculado de las prestaciones objeto del contrato**."(o subliñado e destacado en negrita é propio)*

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

De acordo, pois con este precepto regulamentario corresponde ao servizo propoñente calcular o importe das prestacións obxecto do contrato.

No expediente examinado, o feito de que no estudo económico se indique que as cifras son "meramente indicativas", a xuízo da que subscribe determina que non se atopa suficientemente xustificado o prezo do contrato.

Por outra banda advírtese que , en relaciòn á documentación técnica que foi obxecto de informe por esta Secretaría en data 19 de marzo de 2024, reducironse o número de horas estimadas anuais (que pasan de 83.087 a 72.060). O presuposto básico de licitación é similar ao anterior, pero o prezo/hora se incrementa pasando de 22,12 hora ordinaria e 25,21 hora festiva, a 26,03 €.

Como se idicou no informe de data 19 de marzo de 2024, dada a súa importancia nesta contratación, convén traer a colación a abundante doutrina e xurisprudencia na que se aclara que esta obriga non pode condicionar os recursos persoais que resulten necesarios para a prestación da nova contratación (ao tempo que trata de erradicar un incremento fraudulento das plantillas antes dunha subrogación de persoal cando esta é obligatoria).

Neste senso, a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, no expediente 24/2020, conclúe que o número de persoal subrogado corresponde determinalo á Administración en función das necesidades «reais» do contrato, non á empresa licitadora, e fundamenta esta solución en tres argumentos. O primeiro, por entender que cada contrato administrativo ten carácter autónomo e non está vinculado polos anteriores, polo que non teñen que incluírse os mesmos criterios de valoración e condicións que nos pregos anteriores. O segundo é a marxe de discrecionalidade con que conta o órgano licitador para fixar as necesidades de persoal. O terceiro argumento é que a anterior contratista, ao ampliar o persoal, incumpriu o prego de prescricións técnicas do anterior contrato, polo que a posible irregularidade na execución do contrato anterior non podía limitar a marxe de determinación do órgano de contratación.

Esta cuestión non resulta baladí pois é preciso determinar as necesidades reais para evitar que a obriga de subrogar o persoal adscrito ao servizo condicione o prezo do contrato. Neste senso, pronúnciase o Tribunal de Recursos Contractuais do Concello de Sevilla na Resolución do 21 de setembro de 2021:
"(...) La existencia de la obligación de subrogación, no condiciona el precio del nuevo contrato, pues a la hora de fijar el presupuesto base de licitación de un contrato el órgano de contratación debe tener en cuenta el principio de eficiencia y los objetivos de estabilidad presupuestaria que se consignan en el artículo 1 de la LCSP, sin que esté vinculado por contrataciones anteriores.

Como argumentábamos en la Resolución 23/2021, es necesario hacer la oportuna distinción entre los costes del contrato, que vendrán determinados por los que sean necesarios para su ejecución y los costes que, en su caso, tuviera la contrata anterior, sin que el órgano de contratación esté obligado a mantener el mismo personal que ejecutaba la prestación anterior, debiendo contemplarse a los efectos de su cálculo los costes laborales del personal necesario para ejecutar la prestación conforme a lo definido en los pliegos, debiendo el presupuesto del contrato ser adecuado al mercado según las prestaciones a realizar y no según el personal a subrogar.

Así, al analizar la cuestión de la subrogación de trabajadores en los casos de sucesión de contratas, la doctrina del Tribunal Supremo, señala que una cosa es que la empresa entrante venga obligada por el convenio colectivo a subrogarse en toda la plantilla destinada en el contrato que asume y otra que, si las necesidades públicas a satisfacer con el nuevo contrato han cambiado o se han reducido, venga obligada a destinar a todos ellos al nuevo contrato que le ha sido adjudicado, pudiendo en tales casos, proceder al despido por causas objetivas, a una reducción de jornada o a cualquier otra solución legal respecto a los trabajadores subrogados.

En conclusión, pues, podemos decir que de todas aquellas cuestiones que exceden del ámbito subjetivo u objetivo propio de los Pliegos, por afectar a terceros ajenos al vínculo contractual o por formar parte del status del trabajador, que imponen al contratista obligaciones que tienen un contenido netamente laboral, han de regirse por su normativa específica y de su cumplimiento o incumplimiento no corresponde conocer ni a la Administración contratante ni a la jurisdicción contencioso administrativa, sino a los órganos de la jurisdicción social, por ser cuestiones ajenas a la contratación pública.

En esta línea se han manifestado reiteradamente diversas instancias, así la Junta Consultiva de Contratación del Estado (Informes 58/09,12/19,61/19), la Junta Consultiva de Contratación de Andalucía (Informe 5/2014), los órganos encargados de la resolución de recursos especiales en materia de contratación (Central 375/2016, 540/2017, 99/2019 o 1292/2019, Madrid 235/2016 o 57/2019, o Andalucía 61/23, por citar algunas) y, como señala el órgano de contratación en su informe, la propia Secretaría General del Ayuntamiento de Sevilla (informes de fecha 24 de julio de 2015, 13 de julio de 2016 y 19 de abril de 2021), señalando que:

(...)

En cualquier caso, y dado que, ante la duda y para evitar eventuales conflictos, la Administración suele informar de estas cuestiones, desde este Tribunal se hace un llamamiento a los órganos de Contratación a fin de que, para mayor claridad, especifiquen en los Pliegos o en la documentación en la que ésta se facilite, que el suministro de información en relación a la subrogación, lo es a los efectos de proporcionar el mejor conocimiento de costes, para el caso de que, por imposición de la normativa laboral de aplicación, resultara exigible la subrogación de personal.

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

(...)"

Como sinala a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado no seu Informe 24/2020:

"(…./….) En consecuencia, debe ser el órgano de contratación el que, conforme a sus específicas necesidades, que en todo caso deben ser congruentes con el interés público que el nuevo contrato tratará de satisfacer, determine el personal que necesita para la ejecución de este nuevo contrato y las condiciones bajo las cuales ha de realizarse la subrogación, respetando la obligación legalmente establecida al respecto en los términos que posteriormente analizaremos. Este criterio es el mismo que se puede observar en alguna de las resoluciones del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, como la nº 508/2020, de 2 de abril de 2020, en que se señala lo siguiente:

"La obligación de subrogación de los trabajadores es una cuestión ajena al órgano de contratación, que imponen, en su caso, las normas legales, los convenios colectivos o los acuerdos de negociación colectiva (artículo 130 LCSP), respecto de la cual se debe ofrecer información en los pliegos, pero que en modo alguno limita la libertad del órgano de contratación para delimitar el objeto del contrato conforme a sus necesidades. Una cosa es que la Administración tenga en cuenta en determinados contratos los salarios establecidos por los convenios colectivos aplicables e, incluso, la antigüedad y los pactos individuales en vigor que afecten al personal a subrogar, a efectos del cálculo de un presupuesto base de licitación que se adecue a los precios de mercado, y otra bien distinta es que la Administración pierda de alguna manera la competencia de poder determinar el número de horas que son necesarias para realizar correctamente la prestación, que es lo que sucede en el presente caso. " Este es el sentido también de la Resolución 156/2019, en la que el Tribunal indica que la Administración contratante no está vinculada por los contratos anteriores a la hora de definir las condiciones del contrato que se licita.
(…./….)
Cabe concluir que el órgano de contratación es el único que ha de determinar si ciertamente el total de trabajadores que vinieron desarrollando la prestación es necesario en el momento presente, bien por razón de su número o bien por mor de la forma en que se desarrollaba la prestación, y no queda vinculado por los términos en que se desarrolló la prestación del contrato ya extinguido si los mismos ya no responden a sus necesidades debidamente analizadas y justificadas en la memoria del contrato. Estas conclusión, que resulta válida en términos generales, lo es aún mucho más cuando nos encontramos con supuestos como el mencionado en la consulta en que ha podido existir, bien un error en la selección del contratista, bien por una patente irregularidad en la forma de ejecución del contrato. Tales patologías no pueden por principio, vincular a la Administración contratante de cara a futuras licitaciones(…./….)"

E o Tribunal de Recursos Contractuais do Concello de Sevilla na Resolución 36/2021, de 21 de setembro de 2021 sinala, entre outras cousas, que,

"3.- La existencia de la obligación de subrogación , no condiciona el precio del nuevo contrato, pues a la hora de fijar el presupuesto base de licitación de un contrato el órgano de contratación debe tener en cuenta el principio de eficiencia y los objetivos de estabilidad presupuestaria que se consignan en el artículo 1 de la LCSP, sin que esté vinculado por contrataciones anteriores.

Como argumentábamos en la Resolución 23/2021, es necesario hacer la oportuna distinción entre los costes del contrato, que vendrán determinados por los que sean necesarios para su ejecución y los costes que, en su caso, tuviera la contrata anterior, sin que el órgano de contratación esté obligado a mantener el mismo personal que ejecutaba la prestación anterior, debiendo contemplarse a los efectos de su cálculo los costes laborales del personal necesario para ejecutar la prestación conforme a lo definido en los pliegos, debiendo el presupuesto del contrato ser adecuado al mercado según las prestaciones a realizar y no según el personal a subrogar.
Así, al analizar la cuestión de la subrogación de trabajadores en los casos de sucesión de contratas, la doctrina del Tribunal Supremo, señala que una cosa es que la empresa entrante venga obligada por el convenio colectivo a subrogarse en toda la plantilla destinada en el contrato que asume y otra que, si las necesidades públicas a satisfacer con el nuevo contrato han cambiado o se han reducido, venga obligada a destinar a todos ellos al nuevo contrato que le ha sido adjudicado, pudiendo en tales casos, proceder al despido por causas objetivas, a una reducción de jornada o a cualquier otra solución legal respecto a los trabajadores subrogados.(…./…)"

Tamén o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, na Resolución 866/2017 de 3 de octubre , considera:

"(…./….) inadmisible que el órgano de contratación tenga que fijar el valor estimado y el presupuesto máximo de un contrato en función de una cláusula de subrogación laboral impuesta en un convenio colectivo, y en función de los costes laborales que a tal efecto indique la empresa saliente, pues en tal caso quedaría al arbitrio de la actual adjudicataria la fijación del valor estimado y del presupuesto del contrato."

A Resolución 156/2019 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais confirma o criterio de que se existe obriga de subrogación de traballadores e o prego contempla un número deles menor que o prego anterior, non procede incluír no presuposto de licitación os eventuais custos de despidos dos traballadores que excedan do número requirido, porque despedilos é unha opción do empresario que resulte adxudicatario, que podería non facelo; e porque, en todo caso, o custo do despido non ten relación co servizo que constitúe a prestación obxecto do contrato, polo que non é remuneración do contratista.

Argumenta o Tribunal:

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

"(..../....)El núcleo de la argumentación del recurso es que el presupuesto en materia de costes de personal es insuficiente porque el adjudicatario tendrá que hacerse cargo, debido al derecho de subrogación establecido en el convenio aplicable, de más personal de cierta categoría que el que requiere el pliego (porque en el contrato anterior había más), de manera que tendrá que despedir a los trabajadores que ya no son requeridos por el nuevo contrato y eso le generará un coste en indemnizaciones que el pliego no prevé.

Sin embargo, es doctrina de este Tribunal que la entidad contratante no está vinculada por contratos anteriores a la hora de definir las condiciones del contrato que licite, y en concreto que no está obligada a mantener el mismo personal. Por otro lado, en caso de que un contrato prevea menos personal que el anterior y el convenio aplicable prevea la subrogación, la consecuencia no ha de ser necesariamente el despido de los trabajadores, pues el adjudicatario que se subrogue en sus contratos puede asignarles otras funciones; despedirlos es una decisión de dicho adjudicatario. Y en caso de que lo haga, este Tribunal ha establecido que los costes indemnizatorios del despido corresponden al adjudicatario, sin que proceda contemplarlos como parte del precio; primero porque, como se ha dicho, el despido es una decisión del adjudicatario que no le viene impuesta por los términos del contrato; y segundo, porque esos costes indemnizatorios carecen de toda vinculación con la prestación que realiza el adjudicatario y recibe la entidad contratante, no pudiendo por tanto incluirse en el precio del contrato a tenor del art. 87.1 TRLCSP (actual 102.1 LCSP), porque no están remunerando prestación alguna. A este respecto, puede citarse la resolución nº 23/2018, y especialmente la nº 88/2015:
(..../....)
Hay que señalar, además, que la previsión del art. 102.3 párrafo 2º de la LCSP, que obliga a tener en cuenta lo previsto en los convenios colectivos al fijar el precio cuando el principal coste sea de personal, en nada obsta a esta conclusión. Y ello porque tal norma obliga a tener en cuenta los convenios respecto del coste salarial de los trabajadores que sean necesarios para la ejecución del contrato, pero no puede interpretarse en el sentido de llegar a abarcar los costes de indemnización por despido, en su caso, de los que no.

Y ello porque el art. 102.3, donde se incluye dicha norma, ordena a los órganos de contratación cuidar de que "el precio sea adecuado para el efectivo cumplimiento del contrato mediante la correcta estimación de su importe, atendiendo al precio general de mercado", lo cual obliga a interpretar su párrafo segundo en el sentido de que se refiere precisamente a los costes salariales de los trabajadores que van a intervenir en el cumplimiento del contrato, y por tanto no a otro tipo de costes en que se pueda incurrir en relación con otros trabajadores que en nada van a repercutir en el cumplimiento del contrato. Más aún si se pone en relación con el apartado 1 del mismo artículo que, como se ha dicho antes, establece como referencia del precio "la prestación realmente ejecutada", excluyendo, por tanto, según ha dicho este Tribunal en resoluciones como las citadas, que el precio incluya conceptos que no son remuneración de ninguna prestación que ejecute el adjudicatario, como sería el caso de esos costes de eventuales indemnizaciones por despido. (..../....)".

No suposto examinado, no estudo económico se indica un número mínimo de auxiliares en 53 e 2 coordinadoras, cantidad que se determina en función do sinalado neste, no que se inclúe " teniendo en cuenta además el personal a subrogar (anexo I) " E no PPT indicase (páx.18) que o número de axiliares de axuda a domicilio " ..:En todo caso, serán como mínimo 53 trabajadores/as, teniendo en cuenta la obligación de subrogar el personal al servicio de la empresa contratista que presta el servicio en la actualidad (anexo I).

Polo tanto, independentemente da obriga de subrogación de traballadores imposta por convenio colectivo, debe o Concello determinar o persoal que, conforme ás necesidades que pretenden satisfacerse co contrato a celebrar(e ao marxe da obriga de subrogación do persoal) sexa necesario para a execución do contrato en función das horas de servizo estimadas que se xustifiquen.

Ademais do anterior, o número de horas fíxase na media de horas mensuais que á data do estudo económico se prestan por libre concorrencia e por dependencia, , se ben non se contén un estudo das horas necesarias, que se considera debería incorporarse,

En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe non está suficientemente xustificado o prezo do contrato.

Cómpre tamén advertir que sobre o prezo do contrato e o estudo económico (extremo este que non se modificou respecto da documentación informada por Secretaría o 11/12/2024 e intervención o 4/12/2024) a Interventora municipal no seu informe de data 4/12/2024 sinala que:

***"(..../....)X*.E: incumprimento dos artigos 100.2, 101.1 e 102.3 da LCSP** xa que a determinación do prezo que consta no expediente non permite comprobar a correcta estimación do seu importe. A estrutura e forma de cálculo do prezo no estudo económico asinado o 25.10.2024 pola coordinadora de servizos sociais (CVD: mygABIPgmY79hCM3/v8N) é completamente diferente ao que se fiscalizou o 27.03.2024 no informe de intervención referencia LMR CONTRATO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FASE A /2024 (CVD: 4xS11f7ZaicRUTFhSJEq), sen que se achegue xustificación algunha ao respecto.*

É preceptivo que a coordinadora de servizos sociais indique razoadamente os motivos polos que o número de horas anuais estimadas de prestación redúcense das 83.087 horas previstas na cláusula 2 do PCA có CVD: +jGB+5dAUbrbn/iZxDod informado por esta intervención o 27.03.2024 ás 72.060 horas previstas na cláusula 6.1 do PCA có CVD: 4tyrhzAlBjiR89VA3Lxl, así como, a/s causa/s que xustifica/n a fixación dun único prezo/hora para os servizos independentemente de que estes se presten en horas ordinarias ou en horas festivas. Débese ter presente que o apartado 6. INCREMENTO POR TRABAJO EN FESTIVOS da memoria económica asinada o 25.10.2024 pola coordinadora de servizos sociais indica que "del total de horas estimadas (72.060 horas), 5.600 horas corresponden a horas festivas que se prestan en domingos y festivos" polo que se estaría aplicando un sobrecusto de 2,71 € (sen IVE)/ hora a 66.460 horas/anuais o que, traducido en termos económicos, implicaría 180.101,60 € (sen IVE)/ano e, polo tanto, 720.426,40 € (sen IVE) durante a vida do máxima contrato (2 anos + 1 prorroga + 1

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

prórroga). É dicir, con respecto ao PCA informado o 27.03.2024 redúcense as horas anuais estimadas de prestación en 11.027 horas/ano , o prezo (sen IVE)/ hora increméntase fíxaxe un único importe para as horas ordinarias e festivas mentres que o PBL prácticamente se mantén no mesmo importe o que, obviamente, debe ser convenientemente argumentado pola coordinadora de servizos sociais.

Asemade:

o Non figuran desagregados os costes salariais segundo o Convenio de aplicación ao que se fai referencia (II Convenio colectivo da actividade de axuda no fogar (DOG, núm. 31 de 16.02.2010)). De feito, o estudo económico asinado o 25.10.2024 pola coordinadora de servizos sociais (CVD: mygABIPgmY79hCM3/v8N) toma por válidos como 1.1. Costes personal de atención directa: Trabajadora familiar e como 1.2 Coste hora de personal de coordinación: Coordinador/a os datos os que constan na listaxe do persoal para subrogar achegado pola actual empresa adxudicataria do servizo de axuda a domicilio. O número de persoal subrogado corresponde determinalo á Administración en base a necesidades reais posto que a obriga de subrogación do persoal non pode condicionar os recursos persoais que resulten necesarios para a prestación da nova contratación (a efectos de evitar un incremento fradulento da plantilla, comprobouse polo departamento de servizos sociais que na listaxe de persoal a subrrogar únicamente figura o persoal adscrito ao SAF do Concello de Cambre?). Precisar que, en relación ao 1.2 Coste hora de personal de coordinación: Coordinador/a o estudo económico establece que "El personal de coordinación estará formado por 3 personas trabajadoras con categoría de Coordinadora contratadas a jornada completa, según ratio exigido en el PPT" mentres que a cláusula SEGUNDA.8.2 define para un número de persoas beneficiarias de entre 100 e 199 un persoal técnico mínimo de 2 técnicos/as titulados/as a jornada completa.

o Nos conceptos 1.3 Coste absentismo, 2.1 Kilometraje, 2.2 Tiempo de desplazamiento, 2.3 Tiempo de descanso, 3.2 Material de oficina, 3.3 Prevención riesgos laborales e 6. INCREMENTO POR TRABAJO EN FESTIVOS a coordinadora de servizos sociais ten en conta os datos achegados pola empresa actual adxudicataria o cal únicamente podería ser admisible no caso de que se tivera constancia dunha axeitada prestación do servizo por parte desta

o En canto aos conceptos 2.4 Coste derivado de la actividad sindical, 2.5 Coste Equipos de Protección Individual (EPIs), 2.6 Ropa de trabajo, 2.7 Coste móviles, 3.1 Alquiler de local y suministros, 3.5 Formación de personal, 4. COSTES GENERALES e 5. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS EXIGIDOS, os importes que figuran son estimacións nas que non se detallan os elementos que foron tidos en conta para chegar ás mesmas. ADVIRTO que na cláusula SEGUNDA.9.4 PPT se di que "A fecha de redacción de este pliego las ayudas técnicas que están en uso en los domicilios de los beneficiarios, sin coste para el Ayuntamiento ni para las personas usuarias, son: 8 camas articuladas, 4 grúas, 3 sillas de ducha y 3 cojines antiescaras" mentres que no apartado 5. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS EXIGIDOS do estudo económico indícase que "Para el cálculo de inversiones en ayudas técnicas se parte de los medios mínimos exigidos en la cláusula 2ª del pliego de prescripciones técnicas y que son: 7 camas articuladas, 2 sillas de ducha, 3 grúas, 2 cojines antiescaras de gel y 1 silla de ruedas.(:.../....)"

***Cuarta.- Procedemento e forma de adxudicación**.*

O PCAP prevé na cláusula 11 como procedemento de adxudicación o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, suxeito a regulación harmonizada e con tramitación ordinaria, de conformidade co estbalecido no artigo 156 e seguintes da LCSP.

Quinta- Órgano de contratación.

De acordo co que dispón a disposición adicional segunda da LCSP a competencia está atribuída ao Alcalde cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin,en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aosrecursos ordinarios do presuposto de primeiro establecemento nin a contía sinalada, se ben por resolución da Alcaldía 584/2024, de 7 de maio de 2024 delegáronse na xunta de Goberno Local as atribucións como órgano de contratación respecto dos contratos e concesións que especifica, indicando que quedan reservadas á Alcaldía en materia de contratación a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros, IVE excluído, extremo este que debe ser examinado pola Intervención municipal.

De superarse os límites sinalados, o órgano competente para contratar será o Pleno da Corporación.
***Sexta.- Prego de cláusulas administrativas particulares**.*

Como se indicou nos antecedentes, consta no expediente un prego de cláusulas administrativas particulares incorporado o 12/12/2024, que é distinto aos informados por esta Secretaría en datas 19 de marzo e 11 de novembro de 2024.

Examinado o historial do expediente na plataforma de tramitación eletrónica TEDeC figura que foi iniciado o trámite de Documentación complementaria no que se inclúe o PCAP informado en data 11/11/2024 pola usuaria "anamaria.monje" en data 28/10/2024; que o trámite de documentación complementaria no que se inclúe o PCAP obxecto deste informe iniciouse pola usuaria "anamaria.monje" en data 12 de decembro de 2024; e que a sra. alcaldesa ("maria.pan") iniciou os trámites relativos á Providencias da Alcaldía o 28 de outubro e 12 de decembro de 2024.

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Sobre este particular cómpre informar que de conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas "1. los titulares de las unidades administrativas y el personal al servicio de las Administraciones Públicas que tuviesen a su cargo la resolución o el despacho de los asuntos, serán responsables directos de su tramitación y adoptarán las medidas oportunas para remover los obstáculos que impidan, dificulten o retrasen el ejercicio pleno de los derechos de los interesados o el respeto a sus intereses legítimos, disponiendo lo necesario para evitar y eliminar toda anormalidad en la tramitación de procedimientos".

Polo tanto, a tramitación dos expedientes é unha función que o lexislador reserva a funcionarios públicos(no caso dos expedientes de contratación no Concello de Cambre, de acordo coa RPT ao técnico/a de xestión de administración xeral que ten atribuída a función de responsable de contratación), polo que se informa non se axusta á normativa vixente que a sra. Alcaldesa inicie na plataforma de tramitación eletrónica trámites nos expedientes.

Neste mesmo sentido a revista "El Consultor de los Ayuntamientos y Juzgados", 6 de marzo de 2023, LA LEY sinala que "….Por tanto, el concejal, si tiene delegada la competencia, podrá resolver lo que estimen en el expediente, pero no puede entrar a tramitar ni incorporar documentos, pues es una función que el legislador ha reservado a los funcionarios.(..../....).

Por outra banda, o artigo 70 da LCSP establece que: "El órgano de contratación tomará las medidas adecuadas para garantizar que la participación en la licitación de las empresas que hubieran participado previamente en la elaboración de las especificaciones técnicas o de los documentos preparatorios del contrato o hubieran asesorado al órgano de contratación durante la preparación del procedimeitno de contratación, no falsee la competencia " . Na actualidade, a funcionaria a quen corresponde elabourar os pregos de cláusulas administrativas particulares (técnica de xestión de Administración xeral) atópase de baixa por ILT, polo que debe indicarse que funcionario/a asumiu a dita tarefa no presente expediente, en aras a comprobar o cumprimento do disposto no precepto legal transcrito.

O artigo 67 do RXLCAP establece o contido mínimo dos pregos de cláusulas administrativas particulares, tanto o de carácter xeral para tódolos contratos (parágrafo 2) como o contido concreto dos contratos de servizos (parágrafo 7).
En relación ao PCAP que figura no expediente co CVD: /MalgMLbqrWelCNN2FxV fanse as seguintes consideracións:

6.1.- O prego non prevé a división en Lotes. Se ben na memoria xustificativa asinada pola coordinadora de servizos sociais en data 25 de outubro de 2024 motívase a non división en Lotes das distintas prestacións (limpeza da vivienda, apoio para o aseo persoal, preparación da comida, axuda para a realización de xestións administrativas básicas, etc) e da non división en zonas xeográficas, non se xustifica suficientemente a non división en Lotes, por exemplo, por programas.

A LCSP contén unha nova regulación da división en Lotes dos contratos, invertíndose a regra xeral que se utilizaba ata a súa promulgación, debendo xustificarse agora no expediente a non división en lotes (artigo 116.4 g) o que, segundo sinala a exposición de motivos da Lei, facilitará o acceso á contratación pública a un maior número de empresas, expoñendo que: "....Debe recordarse que la política de fomento de la contratación pública con pequeñas y medianas empresas impregna las nuevas Directivas de contratación pública, ya desde primeros Considerandos, medida destacada en la Estrategia Europa 2020, en la que la contratación pública desempeña un papel esencial y que se traslada al ordenamiento jurídico español mediante el presente texto legal."

A Directiva 2014/24/UE, no Considerando 59, advirte que a agregación e a centralización das compras deben supervisarse para evitar unha excesiva concentración de poder adquisitivo, evitar a colusión e protexer a transparencia, a competencia e as posibilidades de acceso ao mercado das PEMES.
6.2.- A cláusula 10.2 do PCAP establece a solvencia económica e financeira e técnica, esixíndose, polo que respecta á primeira que se acreditará mediante o volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato referido ao menor exercizo dentro dos tres últimos dispoñibles, en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación de ofertas, cuxo importe sexa igual ou superior a unha anualidade media do contrato (1.875.721,80 €), e a solvencia técnica cando a suma dos traballos realizados de igual ou similar natureza que o obxecto do contrato, realizados no ano de maior execución dentro dos tres últimos sexa igual ou superior a unha anualidade media do contrato (1.875.721,80). (establécense no PCAP examinado maiores requisitos de solvencia que no prego que foi informado en data 19 de marzo de 2024 , no que a solvencia requirida era do 50 % do valor estimado do contrato (925.122,22 euros).

O artigo 74 da LCSP establece que:

" 1. Para celebrar contratos en el sector público los empresarios deberán acreditar estar en posesión de las condiciones mínimas de solvencia económica y financiera y profesional o técnica que se determinen por el órgano de contratación. Este requisito será sustituído por el de la clasificación, cuando esta sea exigible conforme a lo dispuesto en esta Ley.

2. Los requisitos mínimos de solvencia que deba reunir el empresario, y la documentación requerida para acreditar los mismos se indicarán en el anuncio de licitación y se especificarán en el pliego del contrato, debiendo estar vinculados a su objeto y ser proporcionales al mismo."
E o artigo 116.4 c) da LCSP establece que no expediente se xustificarán adecuadamente, entre outros extremos, a solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira.
Por outra banda, o artigo 87.4 preceptúa que:

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

"4. La solvencia económica y financiera requerida deberá resultar proporcional al objeto contractual de conformidad con lo establecido en el artículo 74.2, no debiendo en ningún caso suponer un obstáculo a la participación de las pequeñas y medianas empresas."

Como sinala a Resolución núm. 252/2019, de 5 de marzo de 2019 (Recurso nº 35/2019), «es al órgano de contratación a quien corresponde establecer las condiciones mínimas de solvencia que exige para contratar, debiendo ser explicitadas en el anuncio y en los pliegos. La potestad, en principio discrecional, de establecer o determinar los requisitos de solvencia exigidos, se ve sometida a dos elementos reglados: la relación de los mismos con el objeto del contrato y la proporcionalidad (entendida esta última como un elemento de ponderación entre dos intereses públicos enfrentados: la protección o maximización de la concurrencia, como principio básico de la contratación pública, y la garantía de aptitud del contratista para la correcta ejecución de la necesidad pública que se pretende satisfacer mediante la licitación"

Como dispón o artigo 74.2 da LCSP anteriormente transcrito, os requisitos mínimos de solvencia deberán estar vinculados ao obxecto do contrato e ser proporcionais a este. Os requisitos de solvencia non están dirixidos directamente a lograr a maior calidade posible nos traballos que constitúen o servizo, posto que esa función de establecer a calidade das prestacións de forma comparativa corresponde ou está asignada á valoración dos criterios de adxudicación establecidos, mentres que o que ao poder adxudicador interesa desde a perspectiva da solvencia técnica ou profesional é que o licitador demostre que está en posesión dos medios de calquera clase que sexan necesarios para executar o contrato, xustificando os seus coñecementos, pericia, eficacia ou experiencia.
Como expón o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade de Madrid en Resolución 316/2020, de 19 de novembro "… Podemos también nombrar tanto la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, invocada por el recurrente, como la Resolución del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales 68/2018 de 2 de noviembre de 2018 invocada por el Órgano de contratación. En ambas resoluciones, la proporcionalidad de la solvencia y la delimitación de esta coinciden en tres aspectos fundamentales:

1.- Estar vinculados a lo que sea objeto de la contratación.
2.- Ser proporcionados a lo que es objeto de la contratación.
3.- No ser discriminatorios, en el sentido de ser tan exigentes que "de facto" solo determinadas empresas puedan cumplir con los mismos, sin que exista justificación suficiente para ello".

A proporcionalidade ven dada pola relación directa entre o que se esixe como requisitos de solvencia e a complexidade técnica do contrato, así como a súa dimensión económica, de xeito que non resulten discriminatorios polo feito de ser tan esixentes que "de facto" solo determinadas empresas poidan cumprir cos ditos requisitos.
O Tribunal Central de recursos contractuais en Resolución 187/2015, de 18 de novembro, sinalou que "….La condición de que el criterio de solvencia sea proporcional al objeto del contrato es un concepto jurídico indeterminado, por lo que para conocer la admisibilidad del criterio concreto, es preciso examinar en cada caso si los parámetros establecidos en el pliego son objetivamente admisibles por guardar la debida proporcionalidad con el objeto del contrato, sin que en abstracto pueda establecerse un porcentaje o cuantía que pueda concretar la proporcionalidad. La proporcionalidad viene dada por la relación entre lo que se exige como requisito de solvencia y la complejidad técnica del contrato y su dimensión económica u otras circunstancias semejantes, dado que una exigencia desproporcionada afectaría a la concurrencia empresarial en condiciones de igualdad.

El Tribunal de Justicia de las Comunidades Europeas, se bien se refiere a las medidas de exclusión de licitadores por causas basadas en consideraciones objetivas y relacionadas con la aptitud profesional enumeradas en el articulo 24 de la Directiva 93/37, en sus sentencias de 16 de decembro de 2008 (TJCE/2008/312) Michaniki AE contra Ethniko SymvoulioRadiotileorasis y la Sentencia Caso Assitur contra Carrera di Comercio; Industria, Artigianato, e Agricultura de Milano de 19 de mayo de 2009 (TJCE/2009/146) se refiere al principio de proporcionalidad en la adopción de medidas de exclusión, señalando que en los procedimientos de adjudicación de los contratos públicos constituye un principio general del Derecho comunitario el principio de proporcionalidad y que las medidas que se adopten para garantizar la observancia de los principios de igualdad de trato entre los licitadores y de transparencia no deben exceder de lo necesario para alcanzar los objetivos"

A solvencia que se requira debe, pois, ser proporcional e, en todo caso, debe xustificarse. Sirva de exemplo a Resolución 122/2020, do 21 de maio, do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Junta de Andalucía na que se sinala que: "non hai que esquecer que, aínda que o órgano de contratación ha de procurar a adecuada execución do contrato a través de adxudicatarios solventes, debe coidar que a solvencia establecida non sexa máis da necesaria para alcanzar ese obxectivo, e iso a fin de preservar os principios de libre concorrencia e de igualdade que non deben sufrir diminución sen a oportuna e adecuada xustificación. "

No expediente examinado no informe técnico asinado pola coordinadora de servizos sociais en data 25 de outubro de 2024 se indica que "….Se pretende que los licitadores sean empresas especializadas, fiables, con experiencia demostrable en el sector y con un volumen de negocio suficiente que garantice la viabilidad económica del contrato.": Esta argumentación, a xuízo da que subscribe, non xustifica suficientemente o nivel de solvencia esixido nin o requisito da necesaria proporcionalidade.

Sobre este particular, cómpre ter en conta a distinción entre motivación e xustificación, como fai a sentenza do Tribunal Supremo de 3 de novembro de 2011 precisando que esta expresión vai máis alá do que ordinariamente se entende como o deber de motivar, ***xa que esixe a existencia dunha proba cumprida*** *da concurrencia duns feitos e impide que se apliquen remedios que en ocasións sustitúen ou evitan a anulabilidade dunha motivación insuficiente. Dita sentenza estima que, a diferenza da motivación que só é causa de nulidade cando produce indefensión ou o acto carece dos requisitos formais para alcanzar o seu fin, a falta ou deficiente xustificación é causa de nulidade en todo caso.*

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

6.2.- Na cláusula 12 fíxanse os criterios de adxudicación, dintinguindo entre criterios sometdos a xuízo de valor (1ª fase) aos que se lle outorga unha puntuación de ata 55 puntos, e criterios de apreciación automática (2ª fase), valorados ata 45 puntos.

Nos primeiros inclúense:

Plan de formación(ata 35 puntos)
Plan de continxencias (ata 20 puntos)

E nos criterios de apreciación automática inclúense:

Prezo (ata 25 puntos)
Melloras en axudas técnicas (ata 20 puntos)

Establécese que é necesario acadar unha puntuación mínima do 50 % do total de puntos asignados á primeira fase para continuar no proceso, polo que os licitadores que non obteñan un mínimo de 27,50 puntos pola valoración do Plan de formación e do Plan de continxencias quedarán excluídos.

Respecto dos criterios de adxudicación, infórmase o seguinte:

O artigo 145 da LCSP establece que a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, así como que previa xustificación no expediente os contratos pódense adxudicar con arranxo a criterios baseados nun planteamento que atenda á mellor relación custo-eficacia sobre a base do prezo ou custo, así como o cálculo do custo do ciclo de vida con arranxo ao artigo 148.

Engade o parágrafo 2º que os criterios cualitativos que estableza o órgano de contratación para avaliar a mellor calidade-prezo poderán incluír aspectos medioambientais ou sociais, vinculados ao obxecto do contrato na forma establecida no apartado 6 dese artigo.

Do regulado no artigo 145 e seguintes da LCSP cabe destacar, polo que atinxe ao caso obxecto de estudo, o seguinte:

No apartado 5 del precepto legal citado recóllense os requisitos que deben cumprir os criterios de adxudicación:

"a) En todo caso estarán vinculados ao obxecto do contrato, no sentido expresado no apartado seguinte deste artigo.

b) Deberán formularse de xeito obxectivo, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non conferirán ao órgano de contratación unha libertade de decisión ilimitada.

c) Deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas e condicións de competencia efectiva e irán acompañados de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitados co fin de avaliar a medida en que as ofertas cumplen os criterios de adxudicación.

En caso de dúbida, deberá comprobarse de maneira efectiva a exactitude da información e as probas facilitadas polos licitadores".

O apartado 6 engade:

"Considerarase que un criterio de adxudicación está vinculado ao obxecto do contrato cando se refira ou integre as prestación que deban realizarse en virtude de dito contrato, en calesquera dos seus aspectos e en calquera etapa do seu ciclo de vida, incluídos s factores que interveñen nos seguintes procesos:

a) no proceso específico de producción, prestación ou comercialización de, no seu caso, as obras, as subministracións ou os servizos, con especial referencia a formas de producción, prestación ou comercialización medioambiental e socialmente stentables e xustas;

b) ou no proceso específico de outra etapa do seu ciclo de vida, incluso cando ditos factores non formen parte da súa sustancia material".

Por outra banda, o artigo 145.4 da LCSP establece que " En los contratos de servicios del Anexo IV, así como en los contratos que tengan por objeto prestaciones de carácter intelectual, los criterios relacionados con la calidad deberán representar, al menos, el 51 por ciento de la puntuación asignable en la valoración de las ofertas, sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado 2.a) del artículo 146.".

Visto o informe desfavorable con reparo suspensivo recibido con data 15 de decembro de 2025 da intervención municipal a través da plataforma TEDeC INFORME INTERVENCIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. FASE D/2024, asinado pola técnica de xestión da administración xeral interina o día 12 de decembro de 2025 e (CVD: HDWAV/T/ TvycqwrtL22A/M).

Visto o informe desfavorable de secretaría recibido a través da plataforma TEDeC con data 15 de decembro de 2025, en relación á adxudicación do contrato SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CAMBRE, asinado o 12 de decembro de 2025 pola técnica de xestión da administración xeral interina e a secretaria xeral e (CVD: +xRlUzyDRAAe0UieD/Yf).

Informo que,

Con respecto ao Estudo Económico para a contratación do SAF do Concello de Cambre asinado pola funcionaria informante o 25 de outubro de 2025 e (CVD: mygABIPgmY79hCM3/v8N) fanse as seguintes aclaracións:

Primeiro: *con respecto á anotación incluida na páxina 12 deste documento e que transcribo a continuación: “Las cifras manejadas en esta memoria son meramente indicativas y en ningún caso excluye que sean y deban ser comprobadas por el departamento competente en materia económica.”, están incluidas xa que nas anteriores licitacións o Estudo Económico do SAF era revisado polo interventor municipal xa que se inclúen datos de costes económicos que considero deben ser revisados polo departamento competente en materia económica, puidendo aportar información adicional ao estudo.*
Este feito foi trasladado á concelleira da área de servizos sociais co obxecto de que así puidera facerse.

Segundo: *_O número de horas iniciais para a licitación de 83.087 horas segundo o Estudo Económico elaborado o 7 de decembro de 2023 e (CVD: tgPPFBy2zyzGWPFkrXzz) onde se estiman inicialmente as seguintes horas anuais en:*

HORAS DEPENDENCIA ORDINARIAS: 64087 H.
HORAS DEPENDENCIA FESTIVAS: 3900 H.

HORAS LC ORDINARIAS: 15000 H.
HORAS LC FESTIVAS: 100 H

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

TOTAL HORAS/ANUALES 83087 H.

No Estudo Económico elaborado pola miña persoa o 25 de outubro de 2024 e (CVD: mygABIPgmY79hCM3/v8N) reducíronse as horas na modalidade de dependencia (quedando igual as de libre concurrencia) da seguinte forma:

HORAS DEPENDENCIA ORDINARIAS: 51460 H.
HORAS DEPENDENCIA FESTIVAS: 5500 H.

HORAS LC ORDINARIAS: 15000 H.
HORAS LC FESTIVAS: 100 H TOTAL
HORAS/ANUALES 72060 H.

O motivo foi que segundo o Real Decreto 675/2023, de 18 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, o Goberno Central aumentou entre outros, a intensidade no Servizo de Axuda no Fogar, dando a posibilidade de solicitar un número maior de horas por dependencia sobre as que xa tiñan, polo que se aumentou no Estudo económico de decembro de 2023 o número de horas por dependencia.

A realidade foi que prácticamente ningunha familia do Concello de Cambre solicitou o aumento de horas, polo que no seguinte estudo económico reduciuse o número de horas por dependencia pasando de 64087 H. a 51460 H., é dicir 12.627 H. menos, axustando máis as horas a realidade actual nese momento, pero tendo en conta que o SAF trátase dun servizo que fluctua moito.

Terceiro**: O motivo de incluir o persoal subrogado na estimación dos costes do estudo económico é porque o posible adxudicatario terá que subrogar o persoal, tal e como indica o Convenio Colectivo deste sector, e nas condicións de cada un deles mantendo a antigüidade por exemplo, polo que se consideran costes do contrato que terá que asumir e que forman parte do coste total do servizo, **tendo en conta que o peso específico dos costes de persoal para a determinación do presuposto base de licitación son maioritariamente costes de persoal.

Previamente foi comprobado que todo o persoal subrogado incluido no Anexo I do Estudo Económico era persoal que traballa para o SAF no Concello de Cambre.

***Cuarto:** A estrutura e forma de cálculo do prezo hora no estudo económico cambiou con respecto ao inicial, para ter en conta o informe de reparos da interventora municipal de data 27 de marzo de 2024 e (CVD: 4xS11f7ZaicRUTFhSJEq).*

***Quinto:** en canto a que non constan os costes salariais desgregados, sí están reflectidos na táboa do Anexo I de persoal subrogado no Estudo Económico e que son: xénero, categoría profesional, tipo de contrato, antigüidade, horas traballadas por semana, mes e ano, % coste de seguridade social, salario base, pagas extras e coste total.*

***Sexto:** Para o cálculo dos costes de absentismo, quilometraxe, tempos de descanso e desprazamento, coste actividade sindical sí se teñen en conta os datos aportados pola empresa porque son os datos reais que se manexan e serven de referencia para que se poidan incluir no coste do servizo sendo os percorridos que se fan, o número de representantes sindicais, ou tempos de descanso e desplazamento bastante axustados a posibles cambios, xa que non é un municipio o suficientemente grande como para que as distancias poidan variar moito.*
En canto ao absentismo laboral, en outubro de 2024 o % fluctuaba entre o 15 e o 20%.

Con respecto ao resto dos costes como ropa de traballo, material de protección, móviles e costes estructurais son costes de mercado, aínda que facilitaron en algúns deles os seus propios costes que serviron de referencia xunto co coste de mercado.

En canto ao coste de axudas técnicas, se parte dos medios mínimos esixidos na Cláusula 2ª do Prego de Prescricións Técnicas, xa que non se sabe si ofertarán ou non máis, polo tanto non se pode ter en conta.

Engadir que no Anexo II do Prego de Prescricións técnicas se recollen as características das axudas técnicas que se deben valorar: medidas, medidas, ventaxas e características técnicas necesarias.

***Sétimo:** Con respecto ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), éste non foi elaborado pola funcionaria informante, sí o incluo no expediente TEDeC seguindo diretrices políticas.*

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Con respecto á Memoria elaborada para a contratación do SAF do Concello de Cambre asinado pola funcionaria informante o 25 de outubro de 2025 e (CVD: 2+I93zPdOyfUOZsuFbuo) fanse as seguintes aclaracións:

- **Non división en lotes**: O artigo 99.3 da LCSP establece que, "*siempre que la naturaleza o el objeto del contrato lo permitan, deberá preverse la realización independiente de cada una de sus partes mediante su división en lotes*" e engade que "*no obstante, lo anterior, el órgano de contratación podrá no dividir en lotes el objeto del contrato cuando existan motivos válidos, que deberán justificarse debidamente en el expediente*".

Pois ben, o servizo de axuda no fogar inclúe a realización de varias prestacións diferenciadas entre sí -limpeza da vivenda, apoio para o aseo persoal, preparación do xantar, axuda para realización de xestións administrativas básicas etc.- que, si ben poderían chegar a contratarse de forma independente, esto suporía un esforzo de coordinación maior e sobre todo unha diminución da calidade no servizo.

Debemos ter en conta que as persoas usuarias son persoas, en xeral, de avanzada idade e con graves problemas de saúde, é decir, vulnerables e que se atopan no seu domicilio. A contratación de empresas diferentes para cada unha das prestacións suporía un trasiego de traballadores innecesario e molesto para este tipo de usuarios tan vulnerables.

Además, é necesario puntualizar que existe un ciclo formativo regulado no Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, polo que se establece o título de Técnico en atención a persoas en situación de dependencia; así como un certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas no domicilio, regulado no Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto. Ambos establecen a formación no conxunto das tarefas obxecto do SAF a realizar por unha única persoa, polo que sería incongruente desmenuzalas.

Además, os protocolos de actuación de cada empresa, os diferentes horarios para a realización de cada unha das tarefas ou a súa realización simultánea, as diferentes vías de comunicación con cada empresa para solucionar problemas e imprevistos, a necesidade de xestionar as baixas e ausencias do persoal traballador coa maior celeridade posible etc. suporían graves limitacións para unha prestación eficaz do servizo, así como un obstáculo para a coordinación por parte do responsable do contrato do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre.

Por outra parte, cabe valorar a posibilidade de dividir a contratación do servizo en lotes por áreas xeográficas. É necesario recordar que estamos falando da prestación de servizos sociais, de atención directa a persoas e, en este caso, as persoas de avanzada idade e condicións de saúde variables e imprevisibles. A saúde das persoas usuarias pode empeorar imprevisiblemente, o que implicaría un incremento do número de horas de prestación do servizo, ou poden causar baixa por falecemento.

Si é complicado xestionar a bolsa de horas disponibles para a prestación do servizo xunto coa lista de agarda no conxunto do municipio (por orden de prelación de acordo ás condicións de saúde e situación económica de cada persoa), canto máis o sería si se divide a prestación en lotes por zonas, cada unha coa súa propia bolsa de horas disponibles e listas de agarda diferentes, o que podería ocasionar, por exemplo, o alta no servizo a unha persoa dunha zona xeográfica con menor puntuación asignada que outra persoa en outra zona xeográfica con maior puntuación e necesidade. Esto xeraría desigualdade entre os usuarios en función da súa residencia dentro do municipio.

A esto hai que engadir que cada lote tería un presuposto máximo de licitación e por tanto tamén un prezo pagadero. Conceptos que van irremediablemente ligados ao número de horas asignado a cada lote.
Podería darse a circunstancia de que nunha zona a empresa esgote o presuposto máximo e non poida atender novas necesidades das persoas usuarias ou dar novas altas, cando noutra zona no se cheguen a cubrir as horas inicialmente previstas e non se execute o total de presuposto previsto.
Non só inflúe na igualdade e non discriminación dos licitadores senon que de novo estamos ante unha desigualdade entre as persoas usuarias por razón de residencia dentro do municipio.

Por todo o expuesto e de acordo co art. 99.3. b) da LCSP, este contrato de SAF se licita nun lote único, dado que a realización independiente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico e provocaría a imposibilidade de prestar de forma coordinada o servizo asistencial que se pretende.

Con respecto ao Informe técnico relativo aos criterios de adxudicación, solvencia esexible aos licitadores, condicións especiais de execución e outros aspectos determinantes para a contratación do SAF do Concello de Cambre fanse as seguintes aclaracións:

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

- ***Criterios de adxudicación:*** *Se outorga unha puntuación maior aos criterios sometidos a xuizo de valor, é decir, 55 puntos, porque o obxectivo é primar a calidade do servizo sobre o prezo, xa que se trata dun servizo altamente sensible e dirixido a unha población vulnerable.*

Aspectos como a formación do persoal auxiliar, un bo plan de contingencias que permita unha intervención inmediata ante situacións extremas de perigo ou circunstancias imprevistas das familias usuarias, son esencias para poder ofertar un servizo de calidade que implica, entre outros aspectos, a tranquilidade e confianza por parte da persoa usuaria e dos seus coidadores habituais e familia, baseándonos en 4 pilares fundamentais:

1. *Saúde: coidados básicos de calidade ao mesmo tempo que se coida ao coidador habitual.*
2. *Seguridade: prevención de mala práxe, movilizacións seguras, facilitando a independencia e autonomía da persoa usuaria sempre que sexa posible.*
3. *Atención centrada na persoa: trato respetuoso, protección da intimidade, respetar os desexos da persoa usuaria sempre que se poida (ética profesional), empatía,…*
4. *Entorno facilitador: crear un ambiente cercano, seguro e protector sempre respetando a ética da persoa que se coida.*

En canto á valoración do ***Plan de continxencias****, se entende, ao meu xuizo, a distinción na franxa de valores entre facer un "prantexamento completo e detallado", que implica unha descrición exhaustiva e precisa incluindo todos os aspectos relevantes e precisos, dun "prantexamento completo e xeral", onde só se limita a unha descrición xeral sen profundizar nos aspectos e detalles precisos.*

O mesmo, ao meu entender se diferencia claramente "somero prantexamento teórico e pouco cercano á realidade" é decir, que non proporciona unha información clara e detallada do protocolo e "prantexamento incompleto e falto de documentación o información suficiente" é decir, que non aporta ningún ou suficientes recursos e medidas a desenvolver.

A valoración destes criterios sometidos a xuizo de valor foron valorados por profesionais expertos na materia e que teñen moita experiencia no tema.

Respecto ás melloras, *no Anexo II do Prego de Prescricións técnicas se recollen as características das axudas técnicas que se deben valorar: medidas, definición, ventaxes e características técnicas necesarias.*

Polo tanto, se considera que os criterios para a selección da oferta máis ventaxosa cumpre con requisitos establecidos no art.145 da LCSP dado que están formulados de forma obxectiva cumprindo cos principios de non discriminación, transparencia e proporcionalidade e non confiren ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada, proporcionando aos licitadores o acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación, non supoñen a creación de obstáculos inxustificados á apertura da contratación pública á competencia e garanten a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva.

En relación ás ***condicións especiais de execución****, non só se afirma senon se xustifica no informe técnico relativo aos criterios de adxudicación, solvencia esexible aos licitadores, condicións especiais de execución e outros aspectos determinantes para a contratación do SAF do Concello de Cambre co seguinte:*

"- La entidad adjudicataria estará obligada, en la fase de ejecución del contrato, a emplear laboralmente para las nuevas contrataciones, bajas y sustituciones que se requieran para la prestación del servicio, a un mínimo del 10 % de personas con dificultades de inserción en el mercado laboral, personas con diversidad funcional, mujeres víctimas de violencia de género, desempleados de larga duración, que, preferiblemente, provengan de la bolsa de empleo de la Agencia de Desarrollo Local Municipal del Ayuntamiento de Cambre.

El porcentaje citado se considerará sobre las nuevas contrataciones de la plantilla a partir del inicio de la prestación y se tomará como referencia el número de jornadas laborales anuales de este nuevo personal, de modo que el número de contrataciones sea proporcional al número de horas prestadas y no recaiga el porcentaje sobre el personal con jornadas reducidas, o encargado de bajas y sustituciones.

- La entidad adjudicataria está obligada a establecer medidas de promoción de la conciliación de la vida personal, familiar y laboral de las personas adscritas a la ejecución del contrato, conforme establece la Ley orgánica 3/2007 de 22 de marzo y el Real decreto-ley 6/2019, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres. Las empresas con más de 50 personas trabajadoras, deberán acreditar el diseño y la aplicación efectiva del Plan de Igualdad previsto en la referida ley.

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

En toda la documentación, publicidad, imagen o materiales que sean necesarios para la ejecución del contrato y que se aporten a las personas beneficiarias, deberá hacerse un uso no sexista del lenguaje y emplear un lenguaje inclusivo y evitar cualquier imagen discriminatoria hacia las mujeres o estereotipos sexistas, fomentando con valores de igualdad, la presencia equilibrada, diversidad y corresponsabilidad."

Respecto ao ***Comité de Expertos****, decir que se designaron os membros do Comité Expertos na Contratación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Cambre a través da Proposta de Alcadía con data 20 de marzo de 2025 e (CVD: +ZcxE9jDOD7QMS4O1zEC) e* ***Expte TEDeC:*** *2025/G006/000047.*

No Pleno municipal ordinario, celebrado o 27 de marzo de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo, onde dí literalmente:

"2.2. PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO COMITÉ DE EXPERTOS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACÓN DO "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR" – EXPED. 2023/C004/000003

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 20 de marzo de 2025 (CVD: +ZcxE9jDOD7QMS4O1zEC), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 20 de marzo de 2025, que transcrita di:
«PROPOSTA DA ALCALDÍA

Proposta relativa á designación dos membros do comité de expertos no expediente de contratación do "Servizo de axuda no fogar" – Exped. 2023/C004/000003

Visto que o Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2025, aprobou o expediente de contratación núm. 2023/C004/000003 do "Servizo de axuda no fogar (SAF)".

Visto o disposto na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, que, entre outras cousas, di:

"(…) De acuerdo con lo establecido en el artículo 146.2.a y en la disposición adicional segunda de la LCSP, la valoración de los criterios sometidos a juicios de valor será efectuada por un comité de expertos, formado como mínimo por tres miembros, integrado por cualquier personal funcionario de carrera o laboral fijo con cualificación apropiada que no haya participado en la redacción de la documentación técnica del contrato de que se trate. En todo caso, entre este personal deberá formar parte un técnico jurista especializado en contratación pública.

En cumplimiento los artículos 29 y 30 del Real Decreto 817/2009, de 8 de mayo, por el que se desarrolla parcialmente la Ley de contratos del sector público, queda establecido que formarán parte del comité de expertos:
- *una trabajadora social del Ayuntamiento de Culleredo*
- *la coordinadora de servicios sociales del Ayuntamiento de Sada*
- *un técnico jurista especializado en contratación pública*
- *(…)"*

Por canto antecede, proponse ao Pleno municipal a adopción do seguinte ***ACORDO:***

Primeiro.- *Designar como membros do comité de expertos para a valoración dos criterios sometidos a xuízos de valor do expediente de contratación do "Servizo de axuda no fogar" (exped. núm. 2023/C004/000003) a:*

- *Noelia Marta Gantes (Traballadora social do Concello de Culleredo)*
- *Ana Cobas García (Traballadora social - coordinadora Servizos Sociais do Concello de Sada)*
- *Adrián Juan Márquez Caramés (Ténico jurista especializado en contratación pública do Concello de Betanzos)"*

Segundo.- *Notificar aos membros designados.»"*

Ao que se informa para os efectos oportunos."

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal interina no informde de data 12 de decembro de 2025 (CVD: HDWAV/TvycqwrtL22A/M) á vista do informe emitido pola pola coordinadora de servizos sociais en data de 16 de decembro 2025, (CVD: XbkdAagQP71+sE5Ps/NT).

Segundo: Declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

- Attende Care, S.L.
- Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.
- Osventos Innovación en Servizos, S.L.
- Protección Geriátrica 2005, S.L.
- Servisar Servicios Sociales, S.L.
- Óbolo SCA de Interés Social

Terceiro: De conformidade cos acordos adoptados pola mesa de contratación, outorgar ás empresas participantes a seguinte puntuación:

Nº orden	***LICITADORAS***	***Puntuación criterios juicio de valor***	***Puntuación criterios automáticos***	***TOTAL***
1º	*PROTECCION GERIATRICA 2005 S.L*	*45,00*	*45,00*	*0,00*
2º	*EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A*	*53,50*	*29,49*	*0*
3º	*OSVENTOS INNOVACION EN SERVIZOS S.L*	*46,00*	*35,58*	*0*
4º	*OBOLO SCA DE INTERES SOCIAL*	*49,00*	*28,53*	*0*
5º	*ATTENDE CARE SL*	*40,75*	*30,83*	*0*
6º	*SERVISAR SERVICIOS SOCIALES S.L*	*47,25*	*22,50*	*0*

Cuarto: Adxudicar o contrato do "Servicio de ayuda a domicilio del Ayuntamiento de Cambre", a entidade mercantil "Protección Geriátrica 2005, S.L.", no prezo ofertado de 22,13 euros por hora de servizo (sen IVE), e coas melloras ofertadas sobre as axudas técnicas mínimas esixidas (8 guindastres, 8 camas articuladas, 6 cadeiras de rodas, 6 colchóns antiescaras, 10 lava-cabezas, 10 cadeiras xiratorias, 10 andadores), iso por ser a entidade que obtivo a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración.

Quinto: Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación consonte ao artigo 44 e 153 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (en diante, LCSP) e cláusula 37 do PCAP, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

De conformidade co establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato:

- a escritura pública de propiedade ou contrato de arrendamento do local situado no termo municipal de Cambre.
- os documentos relativos ao seguro de responsabilidade civil a que se refire a cláusula 30.
- unha declaración na que poña de manifesto onde van estar situados os servidores e desde onde se van a prestar os servizos asociados aos mesmos, facendo constar que calquera cambio na información facilitada

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

durante a vixencia do contrato, será comunicada de forma inmediata ao Concello (cláusula 34), e que se compromete a garantir o cumprimento en materia de protección de datos persoais.

A formalización do contrato publicarase no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil de Contratante (artigo 154 LCSP).

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

Sexto: Designar como responsable do contrato, á coordinadora de servizos sociais dona Ana Mª Monje Barcia, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores participantes e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) e no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (https://contrataciondelestado.es), facéndolles saber que, contra os mesmos, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no artigo 44, apartados 1.a) e 2.c) da LCSP e cláusula 35.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso especial en materia de contratación poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (artigo 50 LCSP), a partir do día seguinte a aquel en que se notificou a adxudicación de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da LCSP, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, https://sede. cambre.es.

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, "*pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público*" (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica https://tacgal.xunta.gal/procedementos_é.html. En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

A tramitación as medidas provisionais substanciaranse conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

No caso de que non se opte por esta vía, cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Oitavo: Notifícar este acordo á responsable do contrato e dar traslado do mesmo á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

Consta no expediente emenda ao ditame da comisión informativa de data 19 de decembro de 2025 (CVD: rK34YldYLNQ+rbXZReDY), que transcrita di:

«EMENDA AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE DATA 18 DE DECEMBRO DE 2025

Visto que na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico do día 18 de decembro de 2025 detectouse un erro na proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 17 de decembro de 2025 (CVD: nxT7YCCq/ttHnn1pm1rW) relativa á adxudicación do expediente de contratación núm. 2023/C004/000003 do “Servizo de axuda no fogar (SAF)”, concretamente no sumatorio total da táboa de puntuación que consta no punto terceiro dos acordos a adoptar.

Comprobado que o dito erro tivo a súa orixe no proceso informático automatizado de preparación do documento para sinatura a través da Plataforma de xestión de expedientes TEDeC.

De conformidade co disposto no artigo 115 e) do Regulamento orgánico municipal formulo a seguinte proposta de modificación do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 18 de decembro de 2025, no seguinte senso:

Onde di:

“(…)

Terceiro: De conformidade cos acordos adoptados pola mesa de contratación, outorgar ás empresas participantes a seguinte puntuación:

Nº orden	***LICITADORAS***	***Puntuación criterios juicio de valor***	***Puntuación criterios automáticos***	***TOTAL***
1º	*PROTECCION GERIATRICA 2005 S.L*	*45,00*	*45,00*	*0,00*
2º	*EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A*	*53,50*	*29,49*	*0*
3º	*OSVENTOS INNOVACION EN SERVIZOS S.L*	*46,00*	*35,58*	*0*

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

4º	*OBOLO SCA DE INTERES SOCIAL*	*49,00*	*28,53*	*0*
5º	*ATTENDE CARE SL*	*40,75*	*30,83*	*0*
6º	*SERVISAR SERVICIOS SOCIALES S.L*	*47,25*	*22,50*	*0*

(…)"

Debe dicir:

"(...)

Terceiro: De conformidade cos acordos adoptados pola mesa de contratación, outorgar ás empresas participantes a seguinte puntuación:

Nº orden	***LICITADORAS***	***Puntuación criterios juicio de valor***	***Puntuación criterios automáticos***	***TOTAL***
1º	*PROTECCION GERIATRICA 2005 S.L*	*45,00*	*45,00*	*90,00*
2º	*EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A*	*53,50*	*29,49*	*82,99*
3º	*OSVENTOS INNOVACION EN SERVIZOS S.L*	*46,00*	*35,58*	*81,58*
4º	*OBOLO SCA DE INTERES SOCIAL*	*49,00*	*28,53*	*77,53*
5º	*ATTENDE CARE SL*	*40,75*	*30,83*	*71,58*
6º	*SERVISAR SERVICIOS SOCIALES S.L*	*47,25*	*22,50*	*69,75*

(…)"»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

A continuación, interveñen a concelleira de UxC, Sra. Díaz Baldomir, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Rodríguez López, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda de data 19 de decembro de 2025, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de data 17 de decembro de 2025, coas modificacións que resultan da emenda aprobada, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaoito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), do/as Sr./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta, que devén en acordo, quedando a parte dispositiva redactada do seguinte xeito:

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal interina no informde de data 12 de decembro de 2025 (CVD: HDWAV/TvycqwrtL22A/M) á vista do informe emitido pola pola coordinadora de servizos sociais en data de 16 de decembro 2025, (CVD: XbkdAagQP71+sE5Ps/NT).

Segundo: Declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

- Attende Care, S.L.
- Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.
- Osventos Innovación en Servizos, S.L.
- Protección Geriátrica 2005, S.L.
- Servisar Servicios Sociales, S.L.
- Óbolo SCA de Interés Social

Terceiro: De conformidade cos acordos adoptados pola mesa de contratación, outorgar ás empresas participantes a seguinte puntuación:

Nº orden	***LICITADORAS***	***Puntuación criterios juicio de valor***	***Puntuación criterios automáticos***	***TOTAL***
1º	*PROTECCION GERIATRICA 2005 S.L*	*45,00*	*45,00*	*90,00*
2º	*EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A*	*53,50*	*29,49*	*82,99*
3º	*OSVENTOS INNOVACION EN SERVIZOS S.L*	*46,00*	*35,58*	*81,58*
4º	*OBOLO SCA DE INTERES SOCIAL*	*49,00*	*28,53*	*77,53*
5º	*ATTENDE CARE SL*	*40,75*	*30,83*	*71,58*
6º	*SERVISAR SERVICIOS SOCIALES S.L*	*47,25*	*22,50*	*69,75*

Cuarto: Adxudicar o contrato do “Servicio de ayuda a domicilio del Ayuntamiento de Cambre”, a entidade mercantil “Protección Geriátrica 2005, S.L.”, no prezo ofertado de 22,13 euros por hora de servizo (sen IVE), e coas melloras ofertadas sobre as axudas técnicas mínimas esixidas (8 guindastres, 8 camas articuladas, 6 cadeiras de rodas, 6 colchóns antiescaras, 10 lava-cabezas, 10 cadeiras xiratorias, 10 andadores), iso por ser a entidade que obtivo a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración.

Quinto: Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación consonte ao artigo 44 e 153 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (en diante, LCSP) e cláusula 37 do PCAP, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

De conformidade co establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato:

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- a escritura pública de propiedade ou contrato de arrendamento do local situado no termo municipal de Cambre.
- os documentos relativos ao seguro de responsabilidade civil a que se refire a cláusula 30.
- unha declaración na que poña de manifesto onde van estar situados os servidores e desde onde se van a prestar os servizos asociados aos mesmos, facendo constar que calquera cambio na información facilitada durante a vixencia do contrato, será comunicada de forma inmediata ao Concello (cláusula 34), e que se compromete a garantir o cumprimento en materia de protección de datos persoais.

A formalización do contrato publicarase no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil de Contratante (artigo 154 LCSP).

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

Sexto: Designar como responsable do contrato, á coordinadora de servizos sociais dona Ana Mª Monje Barcia, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores participantes e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) e no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (https://contrataciondelestado.es), facéndolles saber que, contra os mesmos, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no artigo 44, apartados 1.a) e 2.c) da LCSP e cláusula 35.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso especial en materia de contratación poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (artigo 50 LCSP), a partir do día seguinte a aquel en que se notificou a adxudicación de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da LCSP, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, https://sede. cambre.es.

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, "*pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público*" (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica https://tacgal.xunta.gal/procedementos_é.html. En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación as medidas provisionais substanciaranse conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

No caso de que non se opte por esta vía, cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Oitavo: Notifícar este acordo á responsable do contrato e dar traslado do mesmo á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

2.2. PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO PÚBLICO DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

***Acceso á videoacta* – 00:18:02 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 21 de xullo de 2025 (CVD: 6Y207yxkwi/fnsW/3EQv), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión ordinaria de data 24 de xullo de 2025, que transcrita di:

«PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO PÚBLICO DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O Pleno do Concello de Cambre en sesión do 26 de setembro de 2013 acordou crear o servizo público municipal de depuración de augas residuais e establecer que a xestión do servizo de depuración se levara a cabo de forma directa pola sociedade mercantil de capital público-denominada EDAR-BENS S.A., como medio propio e servizo técnico do concello de Cambre, para o cal o concello adquiriu desta sociedade 70 accións, equivalentes ao 7% do capital.

Na sesión plenaria do 19 de decembro de 2013 acordouse aprobar a modificación do apartado 2 do artigo 5º da ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa polo servizo de rede de sumidoiros pola que se crea unha tarifa que contribúa á cobertura do custo de prestación do servizo xestionado pola EDAR BENS, S.A. e que naquel momento ascendía a 0,28 euros por metro cúbico de auga consumida, importe deducido do estudio de custos realizado pola sociedade.

O Pleno municipal na sesión do día 26 de outubro de 2016 acordou aprobar provisionalmente a modificación dos artigos 5 e 6 da ordenanza fiscal nº 9 reguladora da Taxa pola Rede de Sumidoiros producíndose a aprobación definitiva por acordo plenario do 25 de maio de 2017, previa desestimación da reclamación presentada por EDAR-BENS, S.A. o 19 de decembro de 2016 con rexistro de entrada número 0/10956 da EDAR-BENS, S.A. .

Visto que as disposicións finais novena, undécima e duodécima da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público introduxeron modificacións, respectivamente, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos; na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria; e no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno municipal na sesión do día 25 de outubro de 2018 acordou aprobar provisionalmente o establecemento e imposición da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais. A aprobación definitiva tivo lugar coa publicación do correspondente anuncio no BOP núm. 246 de 27.12.2018.

Tendo en conta que EDAR-BENS, S.A. é tamén medio propio dos Concellos de de Arteixo, Culleredo e Oleiros e que todos eles teñen recollido expresamente nas súas ordenanzas fiscais que dita sociedade mercantil percibirá en en concepto de contraprestación do servizo que presta as tarifas recadadas relativas aos servizo de tratamento e depuración de augas residuais.

Polo anterior, o 30.06.2025 emitín providencia (CVD: z9y56G58UvK1Ul/CxOOV) pola que dispuxen o inicio do expediente de modificación da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais.

O 21.07.2025 a interventora accidental emitiu informe MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO PÚBLICO DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS **/** 2025 (CVD: FMmnHpdi42PozHPOLOxi) no que concluiu que:

> *"(…)**1.-** Tal e como informou a intervención municipal o 17.12.2018 (CVD: U5/AAKFFLQNuO/+qUWfJ):*
>
> > *"(…) Da exposición anterior podemos deducir as seguintes conclusións,*
> >
> > *a.- A explotación do servizo de depuración de augas residuais está encomendada a sociedade EDAR BENS S.A.,como medio propio municipal, segundo acordo do pleno de data 26 de setembro do 2013, pero non existe unha formalización e articulación da forma de compensar á citada sociedade-medio propio pola actividade encomendada no ámbito da depuración, polo que urxe realizar unha concreción do procedemento e condicións de realización de tal compensación.*
> >
> > *Esta regularización da relación entre a EDAR BENS, S.A. e o Concello de Cambre pasa, como mínimo, por dous aspectos:*
> >
> > > *a.1.-Protocolizar e formalizar o procedemento de compensación da actividad encomendada mediante a regulación dos pagos periódicos a EDAR BENS, s.a. orixinados na taxa de depuración e actualmente na prestación patrimonial de carácter público non tributario sobre a actividade de depuración, normalmente sobre a recadación dos correspondentes padróns en voluntaria e posteriormente en executiva sen os correspondentes recargos.*

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

a.2.-Regular o contido e periodicidade da información sobre custos dos servizos prestados pola EDAR BENS, S.A., no marco da encomenda de xestión vixente, que deberá remitir regularmente ao Concello. (…)"

A pesar de que dita advertencia data do exercicio 2018, á data de sinatura do presente informe non consta que exista formalizado ningún procedemento (protocolo, acordo, etc) respecto do pagamento dos servizos da EDAR Bens S.A. ao Concello de Cambre no ámbito da polo que, en exercicios anteriores, os pagos realizados o foron contra factura trimestral coa problemática que tal feito provoca tal e como acreditan os diferentes procedementos contenciosos interpostos por EDAR Bens S.A. ou mesmo a débeda en facturas acumuladas por importe de 2.293.840,71 €, que a día de hoxe están sen tramitar a pesar das reiteradas dilixencias emitidas ao respecto pola interventora titular (Dilixencia de intervención de data 21.09.2023 (CVD: 5PAsZEFDnXBHRsx2H1ui); Dilixencia de intervención de data 09.10.2023 (CVD: xTy+hZF1GCUOpnaCVK4); Dilixencia de intervención de data 27.10.2023 (CVD: YKjuylqw1V2Uzy+fROad); Dilixencia de intervención de data 12.12.2023 (CVD: +BEUgTu+gPSfwOQSDj1O); Dilixencia de intervención de data 20.03.2024 (CVD: s9f1LD2B9q8bEBMK6Yvd); Dilixencia de intervención de data 02.08.2024 (CVD: 3+NDMjGfcqxYTIUzmcNm); Dilixencia de intervención de data 11.04.2025 (CVD: Yk6+gtbI1g4/nb7TPQZ8); Dilixencia de intervención de data 21.04.2025 (CVD: 4UuOdfoP0jN6RDVYrstg)).

Así pois, a modificación da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais proposta pola alcaldesa na providencia de 30.06.2025 (CVD: z9y56G58UvK1Ul/CxOOV) podería solventar ese vacío normativo

***2.-** O procedemento a seguir é o indicado na consideración xurídica SEXTA se ben se advirte que, de conformidade có artigo 3.3.d.1º do Real Decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe de Secretaría.(…)"*

O secretario accidental emitiu informe o 21.07.2025 (CVD: KfveYHGu8MZfIfYsFwYA).

Polo anterior, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais, quedando redactada do seguinte xeito:

"(…)

Artigo 6º.- NORMAS DE XESTIÓN (***engádese o parágrafo en cursiva e negrita***)

Unha vez autorizada a acometida, o cobro da tarifa realizarase trimestralmente, conxuntamente coa taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e prestación do servizo de rede de sumidoiros, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa publicación polo Concello do correspondente padrón trimestral da auga.

A explotación do servizo de depuración de augas residuais está encomendada á sociedade EDAR BENS S.A., como medio propio municipal, segundo acordo do Pleno de data 26 de setembro do 2013. En consecuencia, en virtude, non só da potestade tarifaria do Concello, e ao tratarse dunha sociedade mercantil sometida ao réxime de dereito privado, a mesma percibirá, en concepto de prezo ou contraprestación do servizo que presta, as tarifas relativas aos servizos sinalados no artigo 3º.- desta Ordenanza

DISPOSICIÓN FINAL: (***modificase na súa totalidade dacordo cós parágrafos en cursiva e negrita***)

A presente Ordenanza aprobouse inicialmente en sesión plenaria de 25 de outubro de 2018 e entrou en vigor o primeiro día do trimestre natural seguinte á data de publicación do texto íntegro no BOP número 246 de 27.12.2018.

A modificación do artigo 6 e da disposición final foi aprobada inicialmente por acordo plenario de 31 de xullo de 2025 e entrará en vigor o primeiro día do trimestre natural seguinte á data de publicación

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

do texto íntegro no BOP, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa."

Segundo.- A antedita modificación entrará en vigor o primeiro día do trimestre natural seguinte á data de publicación do texto íntegro no BOP, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Terceiro.**-** Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública das ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases de réxime local poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas.

Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, o acordo adoptado quedará definitivamente aprobado.

Cuarto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais modificada.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen dá lectura resumida á proposta.

A continuación, interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, a interventora interina, Sra. García Santiago, o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do grupo municipal de UxC de deixar este asunto sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Abstencións: Tres (3), do/as Sr./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta de deixar o asunto sobre a mesa.

2.3. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

***Acceso á videoacta* – 00:50:57 horas**

A) A Sra. presidenta dá conta da moción da Alcaldía para o recoñecemento de compatibilidade a Antón Prieto García para o exercicio de actividade privada profesional co desempeño de posto de persoal

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

eventual, e concede o uso da palabra ao voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, quen di que a urxencia xustifícase por ser un tema de competencia de pleno a declaración desa compatibilidade e pola súa incorporación posterior á proposta de orde do día para este pleno.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a moción da Alcaldía, de data 22 de decembro de 2025 (CVD: I1E0ZXAYitv9spd2lTkl), que transcrita di:

"MOCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que o posto de asesor de Alcaldía cunha xornada a tempo parcial do 85% atópase vacante e que a quen se propón para a súa ocupación, don Antón Prieto García, atópase exercendo actividade privada retribuída.

Visto o escrito de don Antón Prieto García, rexistrado de entrada co número 202599900007832, o día 12 de decembro de 2025, polo que se solicita a compatibilidade para seguir exercendo a súa actividade privada renunciando ao cobro do complemento específico que lle corresponde ao dito posto.

Visto o informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 18 de decembro de 2025 (CVD: 8XDw11rvniFM2L63fa+L) que transcrito di:

«**AREA DE URBANISMO E REXIME INTERIOR**

En relación coa Providencia de Alcaldía de data 17 de decembro de 2025 sobre o nomeamento de don Antón Prieto García como persoal eventual no posto de Asesor de Alcaldía con dedicación parcial ao 85% e coa solicitude deste do pasado 12 de decembro de que polo Pleno da Corporación se lle conceda a compatibilidade para o exercizo da actividade privada de avogado, emítese o seguinte INFORME:

1º.- O persoal eventual é o que con carácter non permanente exerce funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo libres o seu nomeamento e cesamento, como se establece no artigo 12 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015.

Pola súa parte, o artigo 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, dispón igualmente que o nomeamento e o cesamento deste persoal son libres e correspóndenlle á persoa titular da alcaldía. En todo caso, cesa automáticamente cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento especial.

De igual modo se manifiesta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 104.

2º.- Na Relación de Postos de Traballo actualmente en vigor existen seis postos de persoal eventual (BOP nº 205 de 23 de octubre de 2024) dos que dous teñen a denominación de asesor de Alcaldía, coas mesmas funcións, clasificación e retribucións, se ben un deles ten a xornada a tempo parcial (85% da xornada).

Este posto de Asesor de Alcaldía a tempo parcial encóntrase actualmente vacante tras a resolución da alcaldía do pasado 21 de novembro de cese de quen o viña desempeñando.

3º.- De conformidade cos artigos 12-5 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 31 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, ao persoal eventual seralle de aplicación o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Un dos principios xerais deste réxime é o de que o desempeño dun posto de traballo público será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, pública ou privada, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

seus deberes, como se establece no artigo 1-3 da Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

A súa vez o artigo 14 deste Lei 53/1984 determina que o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fora das administracións públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidades.

Pola súa parte, o artigo 13-3 do Real Decreto 598/1985 sobre incompatiblidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos entes, organismos e empresas dependentes establece que si o que accede a un posto público ven realizando unha actividade privada que requira de recoñecemento de compatibilidade "deberá obtener ésta o cesar en la realización de la actividad privada antes de comenzar el ejerciciio de sus funciones públicas".

Constátase que por o proposto para o nomeamento como persoal eventual, don Antón Prieto García se está exercendo a actividade privada de exercicio da avogacía que lle incompatibilizaría par o exercicio deste cargo público. Por elo, con data do pasado 12 de decembro por éste presentouse solicitude para que se lle conceda a compatibilidade para seguir exercendo a súa actividade profesional de avogado no exercicio de cargo eventual de asesor de Alcaldía, de conformidade co artigo 14 da lei 53/1984 citada.

Para poder recoñecer esta compatibilidade para o exercicio de actividades privadas o persoal non poderá ter asignado un complemento específico que supere o 30% da súa retribución básica, como establecen a Disposición Transitoria Novena apartado 2º, da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia e o artigo 16.4 da citada Lei 53/1984, a non ser que polo interesado se renuncie á percepción deste complemento específico, como se indica igualmente na mesma Disposición Transitoria Novena da Lei 2/2015.

Neste posto de Asesor de Alcaldía dita porcentaxe do 30% da retribución básica é superada polo complemento específico que ten asignado este posto polo que o interesado don Antón Prieto García na solicitude de recoñecemento de compatibilidade indicada renuncia tamén ao cobro do complemento específico asignado a dito posto de Asesor de Alcaldía.

4º.- O órgano competente para o recoñecemento da compatibilidade para o exercicio de actividades privadas é o Pleno da Corporación, de acordo co artigo 14 da citada Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, sendo esta competencia discrecional e non regrada.

Polo que en base a elo, se o Pleno da Corporación resolve recoñecer dita compatibilidade sería factible o nomeamento do antes citado para o posto eventual de Asesor de Alcaldía sen o complemento específico que o mesmo ten asignado.»

Visto o informe da interventora interina de data 22 de decembro de 2025 (CVD: 1lAVbTq0qr+Sb/O7kgZU) que, entre outras cousas, di:

«(....)

IV) CONCLUSIÓNS

1.- (X*.A) Na contabilidade do exercicio 2025 existe crédito axeitado e suficiente para o nomeamento do personal eventual a que se refire a providencia de alcaldía de 17.12.2025 (CVD: CVD: WmVmskS78t1vRV7hjX2z)). A existencia de crédito axeitado e suficiente para, no seu caso, os exercicios sucesivos **queda condicionada á efectiva consignación nos orzamentos correspondentes.**

2.- (X*.B) O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 30 de maio de 2024, rexeitou a proposta de aprobación inicial do Orzamento xeral e do cadro de persoal do Concello de Cambre para o exercicio 2024, xunto coa emenda da Alcaldía de data 29 de maio de 2024 (CVD: IOt+1hPGpj7xI39PjyjT). Cumprido o requisito do artigo 197 bis.3 da LOREG, na sesión plenaria de 06.06.2024:

"(...)Visto canto antecede, elevo ao Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Primeiro.- Aprobar a cuestión de confianza presentada pola Alcaldía entendéndose esta outorgada.

Segundo.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2024, xunto cos seus anexos e Bases de execución, coa modificación ao Anexo de Persoal, partida 912: Personal de confianza (Libre designación) nos termos da emenda formulada pola Alcaldía o 29 de maio de 2024 (CVD: IOt+1hPGpj7xI39PjyjT), por importe de 21.080.437,96 euros, coseguinte resumo por capítulos:
(...)
Cuarto.- Aprobar o cadro de persoal do Concello de Cambre para o ano 2024 segundo se transcribe a continuación:
(...)

PERSOAL EVENTUAL	
Denominación Posto de Traballo	***Número de prazas***
1 Asesor/a Alcaldía	*De confianza*
1 Asesor/a Alcaldía (85% xornada tempo parcial)	*De confianza*
1 Asesor/a de Cultura, Deportes e Xuventude	*De confianza*
1 Asesor/a de Servizos Sociais e Recursos Humanos	*De confianza*
2 Asesores/as de Obras, Servizos, Urbanismo, Transportes e Medio Ambiente	*De confianza*

(...)
A Sra. secretaria informa que, á vista do resultado da votación (10 votos a prol e 11 votos en contra), non se entende outorgada a confianza.
Á vista do resultado da votación non se aproba a proposta de Alcaldía de data 3 de xuño de 2024 (CVD: dPQXyR2Ybh0DAea8vFbn), anteriormente transcrita.(...)"

De conformidade có artigo 197.bis.5 da LOREG, transcurrido o prazo dun mes dende a votación sen que se presentase unha moción de censura con candidato/a alternativo a Alcalde/esa entendeuse outorgada a confianza e aprobado inicialmente o orzamento 2024. A tal efecto, inseriuse anuncio de aprobación inicial no BOP núm. 134 de 12.07.2024 sendo aprobado definitivamente có anuncio inserido no BOP número 153 de 09.08.2024

3.- (X*.C) Consta publicación no BOP do edito de aprobación definitiva da modificación da Relación de Postos de Traballo, aprobada inicialmente en sesión plenaria extraordinaria de 06.06.2024. Publicado no BOP o 09.08.2024.

4.- (X*.D) De conformidade có artigo 12 do TREBEP, o persoal eventual só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial as cales o artigo 29 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia concreta do seguinte xeito:
"(...)

> *2. A los efectos previstos en este artículo, se entiende por funciones de confianza o asesoramiento especial aquellas en las que concurran las siguientes circunstancias:*
> *a) Asesoramiento vinculado al desempeño y planteamiento de estrategias y propuestas de actuación o difusión en el ámbito de las competencias de la autoridad que efectuó el nombramiento, o apoyo que suponga una colaboración de carácterreservado.*
> *b) No estar reservadas a personal funcionario.*
> *c) Especial dedicación y disponibilidad horaria.*
> *3. El personal eventual en ningún caso puede realizar actividades ordinarias de gestión o de carácter técnico ni ninguna de las funciones que corresponden al personal funcionario de carrera."*

Poden extraerse as seguintes notas sobre o alcance das funcións do persoal eventual, perfectamente aplicables ao persoal desta natureza que serve ás entidades locais:

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

• As funcións de asesoramento especial e de confianza non poden cubrir tarefas propias dos funcionarios públicos, relacionadas co exercicio da autoridade, e, en xeral, calquera actuacións formais na Administración, como a formulación de propostas en procedementos administrativos, a evacuación de informes preceptivos ou a integración, na condición de membros, en órgano colexiados das Administracións. A súa interpretación, ademais, debe facerse cun criterio restritivo.

• O asesoramento especial pode ser un asesoramento experto (o propio dun profesional como un arquitecto, un xurista ou calquera outro técnico), pero non pode suplir nin condicionar formalmente o asesoramento ordinario que corresponde ás canles burocráticas da Administración.

• Os labores de confianza préstanse a favor da autoridade e no marco das súas funcións públicas (a Lei refírese a que estes empregados públicos o son ao servizo dos intereses xerais), non se poden entender como funcións de confianza ou de asesoramento especial tarefas completamente alleas á Administración, como as actividades de mero interese persoal da autoridade ou do partido ao que pertence.

Non consta no expediente 2025/E002/000030 descripción das funcións que van a desempeñar don Antón Prieto García como persoal eventual no posto de Asesor de Alcaldía polo que non podo pronunciarme en relación a se as mesmas respectan os artigos antes citados.

5.- (X*.E) O sometemento ao Pleno da Corporación da concesión de compatibilidade a don Antón Prieto García debe ser **POSTERIOR** ao seu nomeamento como persoal eventual por canto o réxime de incompatibilidades regulado la Lei 53/1984 do 26 de decembro se aplica, precisamente, ao persoal comprendido no seu ámbito de aplicación entre o cal encóntrase o persoal ao servizo das Corporacións Locais.

(.....)”

Vista a nota informativa de Secretaría 97/2025 (CVD: 5C56zl11SsYVsYAtrX1o), que transcrita di:

«NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 97/2025

Remitido a esta Secretaría o día da data a través da plataforma TEDEC o expediente 2025/E002/000030, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo, a ausencia dunha técnica de xestión de Administración xeral, da necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que a presente nota informativa emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que, de ser preciso, poderá ser ampliada.

Sentado o anterior, fanse as seguintes consideracións:

Consta no expediente informe do xefe de área de urbanismo e réxime interior de data 18 de decembro de 2025 (CVD: 8XDw11rvniFM2L63fa+L), no que , entre outras cousas sinala :

“(..../....)Constátase que por o proposto para o nomeamento como persoal eventual, don Antón Prieto García se está exercendo a actividade privada de exercicio da avogacía que lle incompatibilizaría par o exercicio deste cargo público. Por elo, con data do pasado 12 de decembro por éste presentouse solicitude para que se lle conceda a

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

compatibilidade para seguir exercendo a súa actividade profesional de avogado no exercicio de cargo eventual de asesor de Alcaldía, de conformidade co artigo 14 da lei 53/1984 citada.

Para poder recoñecer esta compatibilidade para o exercicio de actividades privadas o persoal non poderá ter asignado un complemento específico que supere o 30% da súa retribución básica, como establecen a Disposición Transitoria Novena apartado 2º, da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia e o artigo 16.4 da citada Lei 53/1984, a non ser que polo interesado se renuncie á percepción deste complemento específico, como se indica igualmente na mesma Disposición Transitoria Novena da Lei 2/2015.

Neste posto de Asesor de Alcaldía dita porcentaxe do 30% da retribución básica é superada polo complemento específico que ten asignado este posto polo que o interesado don Antón Prieto García na solicitude de recoñecemento de compatibilidade indicada renuncia tamén ao cobro do complemento específico asignado a dito posto de Asesor de Alcaldía.

4º.- O órgano competente para o recoñecemento da compatibilidade para o exercicio de actividades privadas é o Pleno da Corporación, de acordo co artigo 14 da citada Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, sendo esta competencia discrecional e non regrada.

Polo que en base a elo, se o Pleno da Corporación resolve recoñecer dita compatibilidade sería factible o nomeamento do antes citado para o posto eventual de Asesor de Alcaldía sen o complemento específico que o mesmo ten asignado.(.../....)

Consta tamén no expediente informe da sra. Interventora municipal interina de data 22 de decembro de 2024 CVD:) no que nos apartados 4 e 5 das conclusións sinala, entre outras cousas, o seguinte:

"4.- (X.D) De conformidade có artigo 12 do TREBEP, o persoal eventual só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial as cales o artigo 29 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia concreta do seguinte xeito:*
"(...)
2. A los efectos previstos en este artículo, se entiende por funciones de confianza o asesoramiento especial aquellas en las que concurran las siguientes circunstancias: a) Asesoramiento vinculado al desempeño y planteamiento de estrategias y propuestas de actuación o difusión en el ámbito de las competencias de la autoridad que efectuó el nombramiento, o apoyo que suponga una colaboración de carácterreservado. b) No estar reservadas a personal funcionario. c) Especial dedicación y disponibilidad horaria.
3. El personal eventual en ningún caso puede realizar actividades ordinarias de gestión o de carácter técnico ni ninguna de las funciones que corresponden al personal funcionario de carrera."

Poden extraerse as seguintes notas sobre o alcance das funcións do persoal eventual, perfectamente aplicables ao persoal desta natureza que serve ás entidades locais:
• As funcións de asesoramento especial e de confianza non poden cubrir tarefas propias dos funcionarios públicos, relacionadas co exercicio da autoridade, e, en xeral, calquera actuacións formais na Administración, como a formulación de propostas en procedementos administrativos, a evacuación de informes preceptivos ou a integración, na condición de membros, en órgano colexiados das Administracións. A súa interpretación, ademais, debe facerse cun criterio restritivo.
• O asesoramento especial pode ser un asesoramento experto (o propio dun profesional como un arquitecto, un xurista ou calquera outro técnico), pero non pode suplir nin condicionar formalmente o asesoramento ordinario que corresponde ás canles burocráticas da Administración.
• Os labores de confianza préstanse a favor da autoridade e no marco das súas funcións públicas (a Lei refírese a que estes empregados públicos o son ao servizo dos intereses xerais), non se poden entender como funcións de confianza ou de asesoramento especial tarefas completamente alleas á Administración, como as actividades de mero interese persoal da autoridade ou do partido ao que pertence.
Non consta no expediente 2025/E002/000030 descripción das funcións que van a desempeñar don Antón Prieto García como persoal eventual no posto de Asesor de Alcaldía polo que non podo pronunciarme en relación a se as mesmas respectan os artigos antes citados.

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

5.- (X.E) O sometemento ao Pleno da Corporación da concesión de compatibilidade a don Antón Prieto García debe ser **POSTERIOR** ao seu nomeamento como persoal eventual por canto o réxime de incompatibilidades regulado la Lei 53/1984 do 26 de decembro se aplica, precisamente, ao persoal comprendido no seu ámbito de aplicación entre o cal encóntrase o persoal ao servizo das Corporacións Locais."*

Esta Secretaría comparte o sinalado no fundamento de dereito o II.1 e nas conclusións anteriormente transcritas do informe da Interventora municipal interina .
O artigo 2.1 c) da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Adminsitracións Públicas establece , polo que respecta ao seu ámbito de aplicación que :
"1. La presente Ley será de aplicación a:
(…./….)
c) El personal al servicio de las Corporaciones Locales y de los Organismos de ellas dependientes.
(…./….)"
O sr. Antón Prieto García non é ao día da data persoal ao servizo desta Corporación, polo que a xuízo da que subscribe , como tamén sinala a intervención municipal, o sometemento ao Pleno da concesión de compatibilidade debería ser posterior ao seu nomeamento , no seu caso, como persoal eventual.

É que expoño nesta nota informativa que é o resultado da análise dos documentos examinados, e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, e polo sinalado na cuestión previa ,requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación.»

Visto canto antecede, formulo ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

Recoñecer a don Antón Prieto García a compatibilidade para o exercicio de actividade privada profesional da avogacía no desempeño do posto de persoal eventual deste concello de asesor da Alcaldía sen a percepción de complemento específico, de conformidade co artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas."

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, e o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de AV, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción da Alcaldía, de data 22 de decembro de 2025 (CVD: I1E0ZXAYitv9spd2lTkl), que devén en acordo nos termos transcritos.

***Acceso á videoacta* – 00:55:54 horas**

B) A Sra. presidenta intervén e manifesta que hai unha moción do grupo municipal de UxC sobre o proxecto para a tala e reforestación das árbores do Campo da Feira e dos Cochos, e di que esta moción

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

non se somete á consideración do pleno por canto o asunto non é de competencia plenaria; que a competencia para acordar a redacción do proxecto á que se refire a moción non é do pleno.

Continúa dicindo que, ademais do anterior, da propia parte dispositiva da moción despréndese claramente que se trata dun rogo; que de feito o apartado primeiro refírese a que o goberno local redacte... o que implica unha proposta de actuación que encaixa plenamente na definición de rogos contida no artigo 115 do Regulamento orgánico municipal; e que, polo tanto, non se tratará como unha moción, senón que poderá o grupo municipal de UxC presentalo como un rogo, se ben nesta sesión plenaria di que ten esgotados o número máximo de rogos permitidos polo Regulamento orgánico municipal, polo que, ou ben, substitúe un dos presentados por este, ou se pasa a tratalo na vindeira sesión.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, a secretaria xeral, Sra. Pastor Novo, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, e a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

***Acceso á videoacta* – 01:03:01 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

***Acceso á videoacta* – 01:03:05 horas**

(Cando son as doce horas e tres minutos, auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei, que se reincorpora cando son as doce horas e cinco minutos, durante a lectura da moción)

A Sra. Presidencia intervén e manifesta que hai unha moción do grupo municipal de UxC, e concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, quen dá lectura a moción rexistrada de entrada ao núm. 202599900007935 o día 17 de decembro de 2025, que, modificada no curso da súa lectura polo interveniente, no que á numeración dos acordos se refire, di:

«***MOCIÓN PARA A MODIFICACIÓN DE SINALIZACIÓN NA ROTONDA DO PARAUGAS***

Exposición de motivos:

E coñecido por toda a veciñanza de Cambre e por calquera que nos visite a elevada densidade de tráfico que soporta a coñecida coma Rotonda do Paraguas. A citada Rotonda absorbe o tráfico rodado que procede das estradas AC-211, DP-1706 e a escasos 100m o procedente da AP-9. Nos límites entre o noso Concello e o de Culleredo, sendo estes uns dos máis poboados da área Metropolitana de A Coruña.

A actual distribución e sinalización da citada rotonda, a duras penas consegue xestionar a enorme cantidade de vehículos que transitan a diario polas vias que soporta.

Dado que o trazado e o mesmo que existía cando o parque móvil era máis reducido, entendemos que compre unha modificación da sinalización da mesma, para, na medida do posible, tentar minimizar os problemas de tráfico que sufre a nosa veciñanza a diario.

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

O fin desta proposta vai encamiñado a axilizar a circulación mediante a distribución previa do tráfico de vehículos nos accesos de entrada, é dicir, previo á incorporación ao interior da rotonda; evitando así, o entrelazamento de vehículos que, de forma recorrente, bloquean o paso ao resto de usuarios que intentan entrar dende os outros dous accesos.

Para tal fin precísase modificar a sinalización horizontal do interior da rotonda e os seus accesos, complementándoa con paneis informativos indicadores de dirección. Os cambios consistirían en sinalizar o interior da rotonda para que os vehículos que circulan polos carrís dereitos de cada un dos tres accesos non poidan acceder ao interior desta; sendo necesario realizar este movemento dende os carrís esquerdos; é dicir, os carrís dereitos serán exclusivos para os usuarios que tomen a primeira saída, mentres que os esquerdos permitirán realizar o resto dos movementos permitidos. Esta sinalización completaríase pre-sinalizando os carrís de entrada á rotonda coa denominación da saída de cada un deles, así como frechas de indicación de dirección.

A intersección continúa funcionando coma unha rotonda: sentido xiratorio obrigatorio, con dirección e sentido contrario ás agullas do reloxo, e os vehículos que circulan dentro terán prioridade sobre os que pretendan acceder; coa peculiaridade de que o tráfico vai encamiñado con anterioridade á entrada no interior da rotonda. Os condutores que acceden polos carrís dereitos, obrigatoriamente, teñen que tomar a primeira saída, mentres que para saír na segunda ou facer o cambio de sentido teñen que tomar o carril esquerdo.

O contido desta Moción xa foi presentado por UxC cando estaba no goberno, no ano 2022, pero non foi atendido polas Administracións competentes, sendo que o problema de tráfico 3 anos depois esta lonxe de solucionarse, nos decidimos a traer de novo a mesma para que de novo se valore coma opción viable de mellorar o trafico rodado na zona.

O proxecto presentado no ano 2022 incluía fotografías da situación actual e infografías da resultante despois da modificación. Solicitamos que as mesmas se recuperen e se incluan ao corpo desta moción cando se achegue as administracións competentes coma Anexo.

Visto o anteriormente exposto e Segundo as atribucións que ten conferidas o pleno en virtude do artigo 22 da Lei 7/1985 , de 2 de abril Reguladora de las Bases del Régimen Local e no artigo 63 do Regulamento Orgánico Municipal proponse ao pleno a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

1.- Modificar a sinalización horizontal do interior da rotonda e os seus accesos, complementándoa con paneis informativos indicadores de dirección. Os cambios consistirían en sinalizar o interior da rotonda para que os vehículos que circulan polos carrís dereitos de cada un dos tres accesos non poidan acceder ao interior desta; sendo necesario realizar este movemento dende os carrís esquerdos; é dicir, os carrís dereitos serán exclusivos para os usuarios que tomen a primeira saída, mentres que os esquerdos permitirán realizar o resto dos movementos permitidos.

2.- Completar o punto 1 pre-sinalizando os carrís de entrada á rotonda coa denominación da saída de cada un deles, así como frechas de indicación de dirección.

A intersección continúa funcionando coma unha rotonda: sentido xiratorio obrigatorio, con dirección e sentido contrario ás agullas do reloxo, e os vehículos que circulan dentro terán prioridade sobre os que pretendan acceder; coa peculiaridade de que o tráfico vai encamiñado con anterioridade á entrada no interior da rotonda. Os condutores que acceden polos carrís dereitos, obrigatoriamente, teñen que tomar a primeira saída, mentres que para saír na segunda ou facer o cambio de sentido teñen que tomar o carril esquerdo.

3.- Incluir coma Anexo ao corpo desta Moción as imaxes e infografías que se enviaron no seu día na proposta de modificación as administración competentes.

4.- Dar traslado aos organismos compentes das citadas vías, Xunta de Galicia AC-211 e Deputación de A Coruña DP-1706 para que valoren e adopten as medidas acordadas por este pleno municipal.»

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

A Sra. presidenta concede o uso da palabra á secretaria xeral quen manifesta que xa llo comentou á Sra. Pan na Xunta de Voceiros; que as vías non son municipais e que no primeiro dos acordos adóptase un acordo de “modificar”, e di que sería conveniente “solicitar a modificación” ou “propoñer a modificación”, porque modificar é como se o Concello modificase; e que o mesmo no apartado segundo, “solicitar que se complete”.

O concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, intervén e di que acepta a modificación da redacción.

A continuación interveñen o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández, e o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro.

Rematadas as intervencións, a Sra. presidenta indica que antes da lectura e debate da moción debería terse sometido a votación ordinaria a súa urxencia, polo que neste intre procede a sometela, sendo aprobada a dita urxencia por unanimidade.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, coas modificacións indicadas e aceptadas polo Sr. Mallo Castro, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaoito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), do/as Sre./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción, que devén en acordo, quedando a súa parte dispositiva redactada nos seguintes termos:

1.- Solicitar que se modifique a sinalización horizontal do interior da rotonda e os seus accesos, complementándoa con paneis informativos indicadores de dirección. Os cambios consistirían en sinalizar o interior da rotonda para que os vehículos que circulan polos carrís dereitos de cada un dos tres accesos non poidan acceder ao interior desta; sendo necesario realizar este movemento dende os carrís esquerdos; é dicir, os carrís dereitos serán exclusivos para os usuarios que tomen a primeira saída, mentres que os esquerdos permitirán realizar o resto dos movementos permitidos.

2.- Solicitar que se complete o punto 1 pre-sinalizando os carrís de entrada á rotonda coa denominación da saída de cada un deles, así como frechas de indicación de dirección.

A intersección continúa funcionando coma unha rotonda: sentido xiratorio obrigatorio, con dirección e sentido contrario ás agullas do reloxo, e os vehículos que circulan dentro terán prioridade sobre os que pretendan acceder; coa peculiaridade de que o tráfico vai encamiñado con anterioridade á entrada no interior da rotonda. Os condutores que acceden polos carrís dereitos, obrigatoriamente, teñen que tomar a primeira saída, mentres que para saír na segunda ou facer o cambio de sentido teñen que tomar o carril esquerdo.

3.- Incluir coma Anexo ao corpo desta Moción as imaxes e infografías que se enviaron no seu día na proposta de modificación as administración competentes.

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

4.- Dar traslado aos organismos compentes das citadas vías, Xunta de Galicia AC-211 e Deputación de A Coruña DP-1706 para que valoren e adopten as medidas acordadas por este pleno municipal.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

***Acceso á videoacta* – 01:15:37 horas**

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1215/2025, do 9 de decembro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

> "**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de da área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo efectuada a prol da segunda tenente de alcaldesa, dona Patricia Esther Espiñeira Galán dende o día 15 ao 22 de decembro de 2025, ambos os dous incluídos, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 396/2025, do 30 de abril.
>
> **Segundo:** Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

***Acceso á videoacta* – 01:16:01 horas**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 109 resolucións numeradas da 1143 á 1251 do ano 2025, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1143/2025	24-11-2025	Considerar desistida a PCS da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 27/02/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1144/2025	24-11-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 06 de novembro de 2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: MÁCD
1145/2025	24-11-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MMMJ
1146/2025	24-11-2025	Considerar desistido a JSG da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 08/11/2022, por non achegar a documentación requirida

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1147/2025	24-11-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 04/02/2025, destinada ao pagamento de dous recibos de alugueiro correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2023 por importe de 230 euros cada un e parte do recibo de xuño de 2023 por importe de 140 euros, o que supón un total de 600 euros, segundo o artigo 7 da ordenanza. Solicitante: MÁCD
1148/2025	24-11-2025	Considerar desistido a JBAG da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 01/02/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1149/2025	24-11-2025	Considerar desistido a JCP da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 11/05/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1150/2025	24-11-2025	Considerar desistida a CCRdeM da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 04/05/2023 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1151/2025	24-11-2025	Considerar desistida a EGL da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 20/03/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1152/2025	24-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 251/2025, demanda interposta por Os Ventos Innovación en Servizos S.L, contra o Concello de Cambre sobre admon. local-contratación e convenios, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1153/2025	24-11-2025	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 27 de novembro de 2025
1154/2025	25-11-2025	Facer rendibles excedentes temporais de tesourería por importe de 22.000.000 euros, mediante a súa colocación a prazo fixo por un período de tres meses, solicitando a tal fin a presentación de ofertas as entidades financeiras con sede na praza
1155/2025	26-11-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
1156/2025	26-11-2025	Aprobar as facturas por importe total de 2.411,63 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes
1157/2025	26-11-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar con taxa de 3,39 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 01/12/2025. Solicitante: MCCF
1158/2025	26-11-2025	Aceptar a desistencia da solicitude de alta no servizo de axuda no fogar

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		presentada por RPS
1159/2025	26-11-2025	Aceptar a desistencia da solicitude de alta no servizo de axuda no fogar presentada por MILL
1160/2025	27-11-2025	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2024 número 4/2025 por importe de 56.208,43 euros
1161/2025	27-11-2025	Desestimar o recurso interposto por VRM e manter o acordado na Resolución 690/2025 de data 10/07/2025 da Concelleira Delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo e polo tanto a denegación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida a favor de VRM dado que non se achega o certificado de discapacidade no que se lle recoñeza o grao da mesma e as dificultades graves de mobilidade que lle dificulten a utilización de transportes colectivos, nin tampouco se achega o certificado polo persoal médico facultativo dos servizos públicos de saúde
1162/2025	27-11-2025	Aprobar a lista definitiva dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao concurso oposición para a elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de administración xeral interinos
1163/2025	28-11-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 14/11/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar. Solicitante: JEQG
1164/2025	28-11-2025	Considerar desistido a JALR da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 04/09/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1165/2025	27-11-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de setembro de 2025 por importe de 46.998,16 euros
1166/2025	28-11-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a MRRQ con taxa de 3,39 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 15/12/2025
1167/2025	28-11-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a MGC con taxa de 10,16 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 09/12/2025
1168/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Sporting Cambre Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa E Asociación Deportiva y Cultural Clubes de Fútbol de Cambre
1169/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes completo de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Club Colobófilo Mensaxeiras de Cambre
1170/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes completo de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Asociacion Micolóxica Andoa de Cambre
1171/2025	28-11-2025	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de setembro de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos, por importe total de 69.933,69 euros. Aprobar a proposta de mandamento de

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de setembro de 2025 por importe de 18.359,39 euros
1172/2025	28-11-2025	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das retencións practicadas na nómina de novembro de 2025
1173/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Once Caballeros CF
1174/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Club Colobófilo Mensaxeiras de Cambre
1175/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Asociación Xuvenil Bribes Y Hills
1176/2025	28-11-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de decembro de 2025
1177/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Club Ciclista Cambre
1178/2025	01-12-2025	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de outubro de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos gastos, e o seu pagamento, por importe total de 65.000,79 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de outubro de 2025 por importe de 17.922,59 euros
1179/2025	01-12-2025	Aprobar as facturas por un importe total de 17.407,16 euros. Autorizar e dispor, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes
1180/2025	01-12-2025	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 2.285,28 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a ARF, arquitecto municipal do Concello de Cedeira, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos
1181/2025	01-12-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal no seu informe de 1 de decembro de 2025 a efectos de continuar coa tramitación do procedemento, isto con base nos informes do enxeñeiro técnico de obras públicas interino. Dispoñer que continúe o procedemento para adxudicación do expediente de contratación da “Subministración en réxime de aluguer e instalación de iluminación ornamental no Concello de Cambre 2025/26
1182/2025	01-12-2025	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 732,78 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a BIS técnica de xestión de administración xeral do Concello de Culleredo, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos subscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo o 16 de outubro de 2025 polas horas traballadas no mes de outubro, dos que 579,06 euros corresponden á empregada e 153,72 euros á Seguridade Social. Aprobar a ordenación e realización do pago ao Concello de Culleredo
1183/2025	02-12-2025	Aprobar as facturas por un importe total de 3.896,00 euros

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

1184/2025	02-12-2025	Considerar desistida a MGP da solicitude do servizo de axuda no fogar solicitada con data 13/07/2022 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1185/2025	02-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: XZL
1186/2025	02-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JMPA
1187/2025	02-12-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 16/09/2025, xa que segundo o disposto no artigo 23.7 da ordenanza reguladora, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social. Solicitante: IGM
1188/2025	02-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MEVB
1189/2025	02-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención, de data 25 de novembro de 2025, tendo en conta os informe emitidos pola responsable da Axencia de Desenvolvemento local de data 26 de novembro de 2025 e da coordinadora de Servizos sociais con data 27 de novembro de 2025 e 1 de decembro de 2025. Aprobar as facturas por un importe total de 254.313,24 euros
1190/2025	03-12-2025	Rectificar o erro material detectado na Resolución da Alcaldía número 1168/2025 de data 28 de novembro
1191/2025	03-12-2025	Dar de alta na aplicación PMH-Accede, con perfil de acceso de xestión avanzada, á usuaria MBN, auxiliar administrativa interina adscrita á Secretaría. Dar de alta nas aplicacións IDA-PADRÓN (con acceso a todos os servizos: IDA-Web, IDA-Cifras, IDA-Consul) e IDA-CELEC, dependentes do Instituto Nacional de Estatística, á usuaria MBN. Dar de baixa das aplicacións IDA-PADRÓN e IDA-CELEC á usuaria VESO
1192/2025	03-12-2025	Considerar desistido a VMPH da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 07/08/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1193/2025	03-12-2025	Conceder a autorización para exercer a venda ambulante durante a tempada de Nadal ata o día 18 de xaneiro de 2026, en horario de mañá e tarde. O lugar para situar o posto de venda ambulante será a rúa Tapia xunto ao campo de chave. Solicitante: MVC
1194/2025	03-12-2025	Considerar desistida a MPMN da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 14/07/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1195/2025	03-12-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar e con taxa de 10,16 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora e 15 minutos de martes a venres. A data de alta é: 15/12/2025. Solicitante: MRG

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

1196/2025	03-12-2025	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Sobreguexe, parroquia de Cecebre. Solicitante: PPO
1197/2025	03-12-2025	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 555.314,49 euros, a favor do Consorcio das Mariñas, pola taxa de recollida do lixo do primeiro trimestre de 2025
1198/2025	03-12-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ELLG
1199/2025	03-12-2025	Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros de caminos, canais e portos interinos. Aprobar a designación dos membros integrantes do tribunal cualificador
1200/2025	03-12-2025	Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros de obras públicas interinos. Aprobar a desginación dos membros integrantes do tribunal cualificador
1201/2025	03-12-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 12 metros lineais destinada a proporcionar subministración de gas canalizado á vivenda unifamiliar sita na rúa Estanque de Abaixo, parroquia do Temple. Solicitante: NG, S.A
1202/2025	03-12-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
1203/2025	03-12-2025	Adxudicar ao Banco Santander SA a colocación de 22.000.000 euros a un 2,00% nominal de xuro, por un período de 3 meses, sen comisións nin gastos pola operación, nin penalización por dispoñibilidade anticipada, establecéndose que se o día do vencemento fose inhábil, tomarase como data de vencemento o seguinte día hábil
1204/2025	03-12-2025	Aprobar a autoliquidación mediante o modelo 583 correspondente ao pago fraccionado do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica do ano 2025 por un importe de 1,96 euros, e autorizar, dispor e recoñecer obrigas por dito importe
1205/2025	03-12-2025	Aprobar a autoliquidación mediante o modelo 583 correspondente á liquidación do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica do ano 2024 por un importe de 10,60 euros, e autorizar, dispor e recoñecer obrigas por dito importe
1206/2025	04-12-2025	Aprobar, autorizar, dispor e recoñecer as obrigas resultantes dos recargos adicionais correspondentes ós seguros sociais do mes de setembro de 2025 á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe de 435,36 euros
1207/2025	04-12-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de decembro de 2025
1208/2025	03-12-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a devolución da garantía definitiva depositada no expediente do procedemento negociado sen publicidade e tramitación documentalmente simplificada do Programa de Animación á Lectura do Concello de Cambre "O Moucho Leroucho". Devolver a garantía definitiva do contrato de desenvolvemento do Programa de animación á lectura do Concello de Cambre “O Moucho

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Leroucho”
1209/2025	04-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de de data 18 de xuño de 2025 tendo en conta o informe emitido polo coordinador da Área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude, de data 4 de novembro de 2025. Aprobar as facturas por importe total de 261,94 euros
1210/2025	04-12-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta do seguinte expediente completo de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria CLUB ARQUEROS DE CAMBRE
1211/2025	05-12-2025	Asignar o número 10 C á vivenda unifamiliar situada no lugar de Bribes Pequeno, Bribes. Solicitante: MSFG
1212/2025	05-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 25 de novembro de 2025, no que se emite informe desfavorable de reparo suspensivo ás facturas que se sinalan nas consideracións quinta e sétima do mesmo tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 1 de decembro de 2025. Aprobar as facturas por importe total de 143.793,90 euros
1213/2025	05-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 22.05.2025, tendo en conta informe do enxeñeiro técnico de obras publicas interino de data 03.12.2025. Aprobar as facturas por importe total de 5.596,06 euros
1214/2025	05-12-2025	Aprobar e dispor o gasto, e recoñecer e liquidar obrigas a prol de CETANOIL CECEBRE SL por importe de 18.924,76 euros en concepto de principal (unha vez descontado un importe de 890,00 €, correspondente ás facturas xa abonadas), e de 5.944,00 euros, en concepto provisional de xuros e costas, en execución do Decreto de data 31.07.2025, recaido no ETJ Execucion de titulos xudiciais 335/2025 - procedemento monitorio 681/2025 do Xulgado de primeira instancia num. 12 da Coruña, así como o seu pagamento e realización do pago mediante transferencia
1215/2025	09-12-2025	Avocar a delegación xenérica da área de da área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo efectuada a prol da segunda tenente de alcaldesa, dona Patricia Esther Espiñeira Galán dende o día 15 ao 22 de decembro de 2025, ambos os dous incluídos
1216/2025	09-12-2025	Acceder ao solicitado e remitirlle a MJGH, en representación da asociación ADADYM, copia do informes de Secretaría e das facturas e informes correspondentes á prestación do SAF dende o mes de xuño de 2022 ata a data da solicitude
1217/2025	09-12-2025	Incoar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo denominado “conserxería e limpeza campos de fútbol: Dani Mallo.Barcala-Lendoiro e Os Pinares” prestado pola empresa Os Ventos, Innovación en Servizos S.L.
1218/2025	11-12-2025	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 8/2025 por un importe de 45.096,92 euros
1219/2025	11-12-2025	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 7/2025 por un importe de 118.873,71 euros
1220/2025	11-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MGQ
1221/2025	11-12-2025	Considerar desistido a PRBG da solicitude da axuda económica de

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

		emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 01/10/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1222/2025	11-12-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RAM
1223/2025	11-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MRC
1224/2025	11-12-2025	Inscribir o can identificado como Nena de raza mestiza, sexo femia e microchip número 941000022173009, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: FVF
1225/2025	11-12-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RASM
1226/2025	11-12-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
1227/2025	12-12-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16 de decembro de 2025
1228/2025	15-12-2025	Comparecer no procedemento de Seguridad Social en materia prestacional 0000441/2025 perante o Xulgado do Social número 3 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial
1229/2025	15-12-2025	Solicitar unha subvención para poñer en marcha o proxecto de obradoiro dual de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo III” 2025/2026 (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade), para a contratación do alumnado traballador e o persoal técnico que realizarán os servizos de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade establecidos no proxecto. Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e emigración unha subvención, de conformidade coa citada orde e co orzamento total de 537.576,00 euros, (445.576,00 para a execución do proxecto, e 92.000,00 euros para incentivos á contratación)
1230/2025	15-12-2025	Aprobar o recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 67.266,58 euros a prol da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en concepto de liquidación da achega municipal 2024 e previsión da achega 2025 ao Plan de Transporte metropolitano, servizos de predominante interese municipal (SIMU
1231/2025	15-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención – providencia de data 25 de novembro de 2025, tendo en conta o informe emitido polo oficial, en funcións de xefe da Policía Local de data 01.12.2025, os informes emitidos polo responsable do sistema informático de data 02.12.2025 e o informe emitido polo xefe da área de Urbanismo e

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Réxime interior de data 05.12.2025.Aprobar as facturas por un importe total de 4.098,29 euros
1232/2025	15-12-2025	Aprobar as facturas e gastos cun importe total de 62.505,09 euros
1233/2025	15-12-2025	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 18 de decembro de 2025
1234/2025	15-12-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LLP
1235/2025	15-12-2025	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar EAHT e AMGP na finca sita en rúa Amil, Cambre, consistentes nunha nova construción con estrutura metálica e cuberta xa executada, na que se están realizando a soleira e os cerramentos, deixando os ocos para as fiestras, sen licenza municipal nen comunicación previa
1236/2025	15-12-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 28/11/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: LChCh
1237/2025	16-12-2025	Ordenar a IBC que roce aa vexetación existente na finca sita en Ponte de Cela, Cela, e á poda das árbores que están a afectar a infraestruturas de alumeamento público na marxe do camiño de titularidade municipal, así como á retirada do lixo existente no interior da parcela,
1238/2025	16-12-2025	Considerar desistido a SEPV da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada con data 08/07/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1239/2025	16-12-2025	Considerar desistida a FHJdaS da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada con data 04/09/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1240/2025	16-12-2025	Cesar a JALG como persoal eventual no Concello de Cambre no posto que viña ocupando de asesor de Cultura, Deportes e Xuventude, de conformidade co artigo 104-2 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local
1241/2025	16-12-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a JFR con taxa de 3,39 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 07/01/2026
1242/2025	16-12-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a MRD con taxa de 3,39 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora e 15 minutos de luns a xoves. A data de alta é: 07/01/2026
1243/2025	16-12-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a CCB con taxa de 10,16 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 07/01/2026
1244/2025	16-12-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a LGN con taxa de 1,69 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 07/01/2026.

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

1245/2025	16-12-2025	Considerar desistida a RBMB da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada con data 22/09/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1246/2025	16-12-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
1247/2025	16-12-2025	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar BMMC na finca sita en rúa Amil, Cambre, consistentes no derrubo dos muros perimetrais existentes e da cuberta, co obxecto de realizar unha nova edificación, execución dun tabique de cerramento situado máis alá do perímetro orixinal e cunha altura superior á do muro preexistente, adoptando ademais unha configuración propia dun uso residencial, sen licenza municipal nen comunicación previa
1248/2025	16-12-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: BPGD
1249/2025	17-12-2025	Aprobar as facturas e gastos que se relacionan, por importe total de 54.954,17 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes
1250/2025	17-12-2025	Convocar sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Voceiros para o xoves 18 de decembro de 2025, ás 13:00 horas
1251/2025	17-12-2025	Desestimar o recurso de reposición interposto por AAS contra a Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico nº 739/2025 de data 1 de agosto de 2025, pola que se convoca proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos e se aproban as súas bases reguladoras, isto polos motivos expostos nos Fundamentos de Dereito do informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 15 de decembro de 2025, transcrito na parte expositiva desta resolución.

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 25 de novembro de 2025
- Proposta relativa á devolución da garantía respecto do *"Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)"*. Expediente número 2020/C004/00021
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de decembro de 2025
- Proposta relativa á adxudicación do contrato para a "Subministración en réxime de aluguer e instalación de iluminación ornamental no Concello de Cambre 2025/26" (expte. Tedec: 2025/C005/000003), á entidade "Tecmodeco, S.L." polo prezo de 79.391,19 € (IVE incluído)
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 16 de decembro de 2025

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Proposta relativa á adxudicación do contrato menor de obra de «Intervención parcial no peche perimetral do Campo municipal de fútbol "Os Pinares" por risco de colapso», á entidade "IAM RUMBO Instalaciones y obras, S.L", por importe máximo de 11.169,46 € euros (IVE incluído) cun prazo de execución de dez (10) días laborables. Expediente número 2025/C002/000031,

4.3. ROGOS

***Acceso á videoacta* – 01:16:17 horas**

ROGOS DE UXC PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900007975 o día 18 de decembro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - *Acceso á videoacta* – 01:16:29 horas

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

"Tendo en conta que o concelleiro de Deportes e Xuventude no mes de xullo admitiu en prensa que esperaba algunha multa de Inspección de traballo por incidencias no seu local de hostalaría e visto que, ante todo, é un cargo público do Concello de Cambre. Rogamos aclare todo este procedemento co fin de dar luz sobre este asunto tendo en conta que, tal e como explicou a secretaria municipal no pasado pleno, si procede preguntar sobre este tema e si procede que se dean as explicacións correspondentes."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén a Sra. Pan Lesta.

2º rogo - *Acceso á videoacta* – 01:20:23 horas

Lee o rogo o Sr. González Leirós.

"A señora alcaldesa está a afirmar publicamente que a obra das gradas de Brexo-Lema é ilegal cando hai un acordo plenario firme que non foi recorrido nin anulado, sen que en todo o proceso de licitación que se seguiu así como a aprobación da subvención no seu momento pola Deputación, en ningún momento cuestionaron a legalidade da dita obra. Por todo isto, rogamos á señora alcaldesa que achegue informe técnico e xurídico que avale tal afirmación. E de non existir o dito informe, que pida desculpas e se retracte publicamente das súas palabras."

(Cando son as doce horas e vinte e un minutos auséntase do salón de sesións a Sra. Prieto Lamas)

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

(Cando son as doce horas e vinte e dous minutos reincorpórase ao salón de sesións a Sra. Prieto Lamas)

Intervén o Sr. González Leirós.

3º rogo - *Acceso á videoacta* – 01:27:12 horas

Lee o rogo o Sr. González Leirós.

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

“En sentenza do 6 de outubro do 2025, Resolución 388/2025, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en adiante TSXG, desestima o recurso contencioso administrativo interposto polo Concello de Oleiros contra a orde ditada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de 20 de maio de 2021 de aprobación definitiva da modificación puntual das NNS do plan do Concello de Cambre.

A sentenza vén dar contestación, unha a unha, a todas as cuestións nas disputa entre o Concello de Oleiros e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dando a Razón a esta.

Por tanto confirma a validez da aprobación definitiva da modificación puntual pola Orde de 20 de maio do 2021, confirmando así mesmo as aprobacións inicial e provisional do Concello de Cambre.

Esta sentenza pon á aprobación definitiva do documento con EFICACIA e EXECUTIVIDADE. Por tanto a este asunto non queda maior percorrido, queda pechado e contestado.

Polo que desde os principios democráticos que todos dicimos defender, o documento xa non pertence a ningunha iniciativa ou partido político, senón que se converte nun proxecto do Concello de Cambre e como tal debe ser respectado, entendido e defendido.

TSXG reforza na súa sentenza que a actuación do Concello de Cambre se axusta a Dereito e lle permite continuar co procedemento por que se axusta a Dereito, e adecuado legal e procedente.

Queremos tamén deixar constancia do rigoroso traballo, tanto na aprobación definitiva do documento como da defensa xurídica no contencioso, por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. É o certo e é xusto resaltalo.

Debemos lembrar que esta operación supón para as veciñas e veciños de Cambre unha parcela onde colocar 2.570 m/2 de edificabilidade que traducido a efectos dinerarios supón sobre 1.290.000 euros. Que se poden usar por exemplo en comezar coa rehabilitación das casas Bailly, intervencións en vivenda pública ou outras dotacións. Unha zona de espazos libres de 4.076 m/2 e unha zona de equipamentos fronte a Villa Concepción de 1.432 m/2.

Polo anteriormente exposto ROGAMOS:

- Ao Goberno municipal que adopte as medidas para dar a merecida e necesaria publicidade ao resultado da sentenza, que desestima todas e cada unha das solicitudes do Concello de Oleiros en favor das teses da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Concello de Cambre, facendo referencia á firmeza con que a Consellería defendeu esta operación en todo momento por considerala adecuada, legal e conveniente. E como consecuencia active os procesos necesarios para que este ámbito se desenvolva con celeridade dada a declaración de interese público que a operación contén e o atraso que a intervención do Concello de Oleiros supuxo na súa posta en funcionamento.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén o Sr. González Leirós.

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900007974 o día 18 de decembro de 2025, xunto coas preguntas e unha moción presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 01:31:15 horas**

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“Tendo en conta que o prazo para a solicitude das obras do POS+ 2026 comezou o 9 de decembro e finaliza o 6 de febreiro ás 15:00 horas, rogamos que, habendo prazo suficiente, se empece a traballar desde xa nas posibles obras con todos os grupos políticos, de forma consensuada e non como unha imposición unilateral do equipo de goberno, para evitar perder o financiamento do POS+, e que se chegue ao pleno de aprobación co tempo necesario, e non unhas horas antes de que finalice o prazo.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 01:32:03 horas**

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“Despois da reunión deste grupo municipal co goberno, á que fomos convocados para falar dos orzamentos, e entendendo que estas reunións, segundo se nos indicou, realizáronse con todos os grupos políticos; non soubemos nada. Na devandita reunión as nosas propostas foron aceptadas como factibles, pero posteriormente, de palabra, indicóusenos que non o eran. Desde entón, non recibimos ningunha información adicional.

Por iso, rogamos que se nos informe por escrito sobre o estado de elaboración dos orzamentos, para coñecer cando pensan traelos a este pleno para a súa aprobación, se procede.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 01:32:45 horas**

Lee o rogo a Sra. Parcero Quiñoy.

“Por mor das noticias publicadas en prensa sobre as negociacións do Goberno municipal coa Igrexa católica para a cesión de varios inmobles no Concello de Cambre, rogamos ao Goberno que remita a toda a Corporación un informe por escrito no que se detalle:

- Que inmobles están a ser obxecto de negociación.
- A súa situación xurídica e tipo de cesión que se expón.
- O estado actual das negociacións.
- Os usos previstos e as implicacións económicas para o Concello.

Consideramos que se trata dunha cuestión de interese público que debe ser coñecida con transparencia por todos os grupos municipais, e non unicamente a través dos medios de comunicación.

Por iso, rogamos que o devandito informe se facilite o máis axiña posible.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen a Sra. Pan Lesta e a Sra. Prieto Miramontes.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900007968 o día 18 de decembro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 01:37:07 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

"Á vista do estudo e diagnose das especies arbóreas do campo da Feira, onde segundo os medios de comunicación, deberá procederse á eliminación dun importante número deles, e dada a importancia emocional que ten para a veciñanza, cabe facer unha reflexión sobre varios aspectos: un deles é o mantemento do seu carácter tradicional, e a problemática que poden representar dependendo de que tipo de especies serán as substitutas.

Non cabe dúbida de que os plátanos de sombra que sendo unha especie alóctona, é polo seu rápido crecemento fóronse implantando en diferentes espazos públicos de todo o estado, porén en Galicia tamén. Esta especie "Platanus" presentou e presenta problemas no seu trato de poda, polo que se ve afectado o seu interior, a non ser os que foron podados en forma de "catedral", deixándolle a altura que a árbore require para manter o seu carácter, e permitindo o paso da luz ata unha altura considerable.

Se miramos para atrás, podemos aínda ver como en diferentes espazos dos pobos dedicados a campos de feira e festexos o que había eran carballeiras, que foron pouco a pouco suplantados por esta especie de fóra cos conseguintes problemas no seu manexo.

Se chega o tempo onde se teñan que facer apeos por mor das enfermidades que sofren nalgúns dos exemplares do campo da nosa feira, deberá formularse un futuro, que garanta a pervivencia, e que manteña a seguridade para os veciños e veciñas.

É por iso, que barallando todo os antecedentes mencionados, SOLICITAMOS:

Que todo o anterior exposto sexa tido en conta, para levar a cabo un estudo e elaboración de proxecto que combine a sensibilidade coa seguridade garantindo un futuro sostible, tendo en conta as especies autóctonas que teñan un porte suficiente para substituír os exemplares enfermos, sen que se teña que esperar ducias de anos. Todo isto tendo en conta, de que se supón que o chan do campo terá que levantarse para eliminar os cepos, podendo asumir a plantación de árbores que teñan xa un crecemento abondoso."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen o Sr. González Leirós, o Sr. Carballada Rodríguez e a Sra. Prieto Miramontes.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 01:45:00 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

"Á vista do aparecido en prensa, por parte dos/as representantes dos traballadores e traballadoras onde expresan que as negociacións estaban rotas co actual goberno, e tendo en conta que diante dunha pregunta feita hoxe día 18 en comisións informativas, onde por parte da alcaldesa nega ese extremo, dicindo que houbo máis xuntanzas, e que en ningún caso se rompeu a canle necesaria de comunicación.

Vendo a alarma producida diante desas afirmacións sindicais, e pola negación da señora alcaldesa, entendemos que cómpre clarexar de cara á opinión pública cal é exactamente a situación, e dende o BNG entendemos que hai que ir clarexando a veciñanza con datos. Por todo isto, SOLICITAMOS:

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Que se convoque a totalidade dos/as representantes sindicais, e se clarexen posturas, para posteriormente emitir un comunicado onde quede meridianamente claro cal é a situación ao respecto das reclamacións laborais."

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes, o Sr. Mallo Castro e a Sra. alcaldesa.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 01:52:12 horas**

Lee o rogo a Sra. Louro López.

"Este foi un outono de temporais con moita chegada de choivas, o que leva consigo moito risco coas especies arbóreas de espazos públicos, ou privados, que non son obxecto do seu debido mantemento. Isto, lonxe de ser insignificante, é unha situación en extremo perigosa, e mesmo hoxe día 18 vemos nos xornais, como na Barcala caeron árbores na fronte do Eroski.

Dende o BNG xa viñemos avisando do perigo, e solicitando que se levaran a cabo a poda desas árbores que representaban un perigo para persoas e bens.

Diante destes antecedentes, SOLICITAMOS:

Que se fagan revisións das zonas perigosas, e se proceda ao mantemento evitando futuros riscos."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

4.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta **– 01:53:06 horas**

PREGUNTAS DE UXC PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900007975 o día 18 de decembro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 01:53:14 horas**

Lee a pregunta a Sra. Pan Lesta.

"Cantas sentenzas xudiciais en contra ten o Concello de Cambre por impago de facturas?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

2ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 01:53:49 horas**

Lee a pregunta a Sra. Pan Lesta.

"Esas sentenzas obrigan ao pago íntegro das facturas ou detraen o 6% delas?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

3ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 01:54:07 horas**

Lee a pregunta a Sra. Pan Lesta.

"Enviou o alcaldesa unha carta a varias asociacións acusándoas de estar acosando ás habilitadas nacionais?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Pan Lesta e o Sr. González Leirós.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900007974 o día 18 de decembro de 2025, xunto cos rogos e unha moción presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

1ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 02:00:18 horas**

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

"Aínda que a débeda de máis de 50.000 euros coa empresa Axiña orixinouse no goberno anterior, mantense neste mandato e hai que pagala. Cando pensa o equipo de goberno aboar esa débeda e así evitar que en xaneiro se suspendan as actividades deportivas e culturais?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

(Cando son as trece horas e tres minutos auséntase do salón de sesións a Sra. Louro López)

2ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 02:01:49 horas**

Lee a pregunta o Sr. Alcantarilla Rei.

"Volvemos a traer a este pleno a mesma cuestión formulada en anteriores sesións sobre os contratos dos servizos básicos, e esta vez é moi sinxela: Vai saír algún deses contratos no primeiro trimestre de 2026, xa que no que queda de 2025 non dá tempo?"
O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

3ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 02:02:24 horas**

Lee a pregunta a Sra. Parcero Quiñoy.

"No pleno de novembro o goberno municipal dixo que a moción aprobada en outubro para solucionar o problema do transporte escolar do alumnado do IES Afonso X O Sabio, que utiliza a parada número 33 da Castellana, fora enviada á Consellería e á empresa concesionaria, e sen que se nos teña informado de nada dende entón, que resposta oficial se recibiu o que avance concreto se produciu ata este momento respecto da dita moción?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

(Cando son as trece horas e tres minutos reincorpórase ao salón de sesións a Sra. Louro López).

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900007968 o día 18 de decembro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:03:43 horas

Lee a primeira pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

"A escola Sementeira segue sen cobrar a día de hoxe, e segue tamén sen ter un servizo de limpeza que viña tendo ata o de agora, co agravante que a escola de música ten que descubrilo pola empresa que o viña facendo ata agora. En ningún momento por parte da Concellería de Cultura, nin por parte da alcaldesa se lles comunicou nada ata ese momento.

Cabe salientar aquí, que dos distintos locais municipais, algúns son limpados con cargo ao concello e outros non, sen que poidamos saber cales son os criterios utilizados.

Poden explicarnos en que situación está Sementeira en canto ao pago do convenio e a quen corresponde a limpeza e por que?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta. Intervén a interventora interina, Sra. García Santiago.

2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:05:46 horas

Lee a primeira pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

"O noso Concello de Cambre dispón de moi escasos inmobles para acoller actos culturais, e un deles é a Fundación Wenceslao Fdez. Flórez, que se leva por parte da Deputación da Coruña, e onde o Concello de Cambre sempre participou.

Dende o BNG vimos preguntando en numerosas ocasións pola comunicación que a día de hoxe se mantén coa dita Fundación, posto que a día de hoxe o Concello non colabora en absolutamente nada, e se ben a resposta por parte da concelleira foi que agora si houbo xuntanzas, descoñecemos en que se resumen estas, e en que vai repercutir na oferta cultural do Concello.
Se temos en conta que ao longo da súa traxectoria esta fundación foi sempre moi variada na súa oferta e disposición, e que manteñen moitas das nosas tradicións, resulta moi penoso ter infrautilizadas unhas instalacións que resultan de moito interese para todos e todas.

Pode a señora concelleira de Cultura poñernos ao día de todo o negociado, e cales son as propostas que se teñen?"

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:08:31 horas

Lee a primeira pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

"Dende o BNG, vimos demandando dos distintos gobernos, que se teña en conta a falta de bancos en distintos lugares que queden preto dos locais municipais, e van anos e seguimos esperando, sen entender como a colocación de bancos que permitan a xente maior ou con escasa mobilidade un descanso nas

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

súas tarefas. Se vostedes son capaces de sacar a contratación a iluminación ou a celebración do Rock in Cambre, non son capaces de contratar algo tan imprescindible para unha parte tan importante da poboación? Cando teñen pensado levar a cabo algo que xa o prometeu Unión por Cambre, e que nunca se levou a cabo?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e dez minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo

CVD: EAtezRrI5GFeSP1RqUTP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/